

Número 15 - Ano 2024

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

4 de novembro de 2024

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e cinco minutos do día catro de novembro de 2024; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnense por medios telemáticos os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, Concelleira Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenente de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Abandonan a sesión, antes de finalizarse esta, don Angel Pablo Permuy Villanueva e don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez, que o fan durante o aparetado de Rogos e Preguntas.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4483608742713237047.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 28 de outubro de 2024, e notificada por secretaría aos membros da Corporación. Non obstante, e por mor da desgracia ocorrida con motivo da DANA que afectou ao leste do noso país, e visto o Real decreto 1117/2024, polo que se declara luto oficial, á dita sesión foi suspendida e trasladada a súa celebración para o día 4 de novembro de 2024, conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/168 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2024.

A) PARTE RESOLUTIVA

FACENDA LOCAL

2/169 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DE FOSA PARA XURRO CON CUBERTA PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA, NA PARCELA CATASTRAL 27900A166002000000SG, SITA NO LUGAR DE BELESAR, SAN XOÁN DO CAMPO, PRESENTADA POR MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ LÓPEZ, EN REPRESENTACIÓN DE CASA XACOBE SC.

INTERVENCIÓN

3/170 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 27-2024.

4/171 TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS NÚMERO 54-2024. REVISIÓN EXCEPCIONAIS DE PREZOS.

5/172 SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 1/2024.

URBANISMO

6/173 APROBACIÓN DEFINITIVA DA DOCUMENTACIÓN DO PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE S-16.R.

TESOURERÍA

7/ 174 APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2023.

PROPOSICIÓNS

8/175 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 338/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE AO CONCELLO DE LUGO A ACADAR UN ACORDO CO MINISTERIO DE DEFENSA QUE PERMITA O USO SEGURO DOS TERREOS CONFINANTES CO CAMPO DE FÚTBOL DAS GÁNDARAS (Exp. 2024/G004/000668).

9/176 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 343/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALIZA A COBERTURA DAS PRAZAS VACANTES NOS CENTROS DE ENSINO DA CIDADE (Exp. 2024/G004/000675).

10/177 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 355/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALIZA QUE RETIRE A DECLARACIÓN DE INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORIZADA AO PROXECTO DE PLANTA DE BIOMETANIZACIÓN DE COESSES (Exp. 2024/G004/000702).

11/178 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 365/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALIZA A QUE A ACHEGA ECONÓMICA PARA O MANTEMENTO DO SAF SEXA IGUAL Á DIFERENZA ENTRE O CUSTO DO SERVIZO MENOS O IMPORTE DA PARTICIPACIÓN DA PERSOA USUARIA, DE CONFORMIDADE COA LEXISLACIÓN AUTONÓMICA (Exp. 2024/G004/000720).

12/179 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 366/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O PROXECTO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN ESPERANTE (Exp. 2024/G004/000721).

13/180 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 367/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR AO GOBERNO DE ESPAÑA SERVIZOS FERROVIARIOS DE CALIDADE PARA A PROVINCIA DE LUGO (Exp. 2024/G004/000722).

14/181 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 368/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE AO CONCELLO DE LUGO Á CREACIÓN DUNHA OFICINA DE MEDIACIÓN (Exp. 2024/G004/000723).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4483608742713237047.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

15/182 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENTE O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2024/G004/000709).

16/183 DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, LOGO DA INCORPORACIÓN DO CONCELLEIRO DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ (2024/G004/000673).

TESOURERÍA

17/184 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2024.

18/185 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2024.

19/186 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE SETEMBRO 2024.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 369/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS VIVENDAS DA CONTORNA DO CASTRO DA CROA.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 370/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE DIVERSOS ARRANXOS NA ZONA DO CEAO.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 371/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A APROBACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS NA PARROQUIA DE COESES.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 372/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA HABILITAR UN SISTEMA DE RECOLLIDA DE LIXO, ALTERNATIVO AO QUE HABÍA NA PARROQUIA DE GONDAR, XUNTO A IGREXA E AO LOCAL SOCIAL.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 373/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A QUEDADA MOTORISTA DO SAN FROILÁN 2024.

B) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 374/2024 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVAS AO MODELO DE XESTIÓN DO CENTRO CULTURAL AUDITORIO DE MAGOI.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 375/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE DIVERSAS CUESTIÓNS RELATIVAS Á ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL GREGORIO SANZ.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 376/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS LIÑAS DE AXUDAS DA UNIÓN EUROPEA ÁS QUE SE ASPIRABA PARA REHABILITAR O CUARTEL DE SAN FERNANDO.

D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL E CONDENA DO ASASINATO HOMÓFOBO DE SAMUEL LIZ.

Aberto o acto, A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO sinala: Bos días a todos e a todas. Imos comezar este Pleno ordinario que foi posposto o xoves pasado polas razóns que todos sabemos, e, ben, seguimos manifestando esas condolencias co pobo de Valencia e das demais comunidades e, sen máis, imos comezar o Pleno...

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: quero facer uso da palabra...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: pero para que quere a palabra?..

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... Segundo o Regulamento orgánico de funcionamento, en calquera momento os membros da Corporación poderán pedir a palabra para formular unha cuestión de orde cando consideren que no desenvolvemento da sesión se infrinxiu un precepto ou se omitiu un trámite ou situación perceptiva en relación con aquel. Invocando a norma cuxa aplicación se reclama. Invoco a norma que é o artigo 111 do propio regulamento, toda vez que non se incluíu na orde do día a solicitude de comparecencia presentada por

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4483608742713237047.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

Rexistro o día 10 e reiterada o día 25, emendando as peticións que se nos facía no informe do día 23.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Voulle dar a palabra a secretaria do Pleno.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO, DONA ANA MARÍA RIVAS GARCÍA, sinala: Bos días. Grazas. Efectivamente, a comparecencia non se incluíu na orde do día por un defecto, non un defecto, senón por unha falla de cumprimentación dun trámite que é a necesidade de ditame previo da Comisión informativa correspondente, que xa se tiñan convocadas cando se solicitou a comparecencia e unha vez corrixida. Entón, se a alcaldesa o ten por conveniente, na seguinte comisión informativa incluírase e resolverase sobre o ditame e posteriormente a inclusión na orde do día do seguinte Pleno.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señora secretaria. Aquí non se trata de debater. Xa lle contestou á secretaria e se ten algunha pregunta máis que facerlle, a fará pola canle correspondente; polo tanto, xa foi contestada.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Entenderase que a preceptiva comisión ten que ser convocada polo Goberno, é dicir, a oposición non ten a capacidade. Entón, se non se informou pola comisión correspondente é por una acción ou omisión, neste caso, do Goberno.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Ben, as comisións informativas convócanse cunha periodicidade preestablecida, sempre con anterioridade á celebración do pleno ordinario correspondente. Entón, ben, convocarase para o seguinte Pleno.

Seguidamente, e de orde da Presidenta, entrase no exame da orde do día, adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/168 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2024.- Vista a proposta da secretaria xeral do Pleno, do 23 de outubro de 2024, do teor literal seguinte:

“O pasado día 26 de setembro de 2024, o Excmo. Concello Pleno celebrou a súa

sesión ordinaria correspondente ao citado mes. Da referida sesión a secretaria xeral do Pleno levantouse a acta oportuna conforme aos termos establecidos no artigo 80 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo (ROMP), e que, unha vez incorporadas as intervencións nela producidas, foi asinada pola referida secretaria xeral do Pleno e pola alcaldesa presidenta da Corporación.

A vista do cal, e para os efectos do sinalado no artigo 63 do ROMP, PROPONSE:

APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 26 de setembro de 2024."

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 26 de setembro de 2024.

A) PARTE RESOLUTIVA

FACENDA LOCAL

2/169 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DE FOSA PARA XURRO CON CUBERTA PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA, NA PARCELA CATASTRAL 27900A166002000000SG, SITA NO LUGAR DE BELESAR, SAN XOÁN DO CAMPO, PRESENTADA POR MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ LÓPEZ, EN REPRESENTACIÓN DE CASA XACOBES SC.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME DO SERVIZO DE FACENDA LOCAL, do 15 de outubro de 2024, do teor literal seguinte:

“ANTECEDENTES: Na data de 23.05.2023, MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ LÓPEZ (NIF 33305500M), en representación de CASA XACOBÉ SC (CIF J27368778) solicita licenza de obras para construción de fosa para xurro con cuberta para ampliación de explotación gandeira, na parcela catastral 27900A166002000000SG, sita no lugar de Belesar, San Xoán do Campo (exp. 2023/Y001/000136).

Con data de 27.05.2024, MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ LÓPEZ (NIF 33305500M), en representación de CASA XACOBÉ SC (CIF J27368778) presenta escrito no que insta que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal as obras construción de fosa para xurro con cuberta para ampliación de explotación gandeira, na parcela catastral 27900A166002000000SG, sita no lugar de Belesar, San Xoán do Campo, para a concesión da bonificación recollida na Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Xunto coa solicitude, achégase certificado actualizado da inscrición da explotación agraria con código REAGA G2702800927, da que é titular CASA XACOBÉ SL (CIF B27368778), no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), figurando de alta no mesmo (exp. 2024/T028/000785).

Con data de 07.06.2024, MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ LÓPEZ (NIF 33305500M), en representación de CASA XACOBÉ SC (CIF J27368778) achega copia da escritura, de data 08.03.2024, de “Transformación de sociedade civil en sociedade limitada” pola que se transforma a sociedade civil CASA XACOBÉ SC (CIF J27368778) na sociedade limitada CASA XACOBÉ SL (CIF B27368778) (exp. 2023/Y001/000136).

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular “a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”.

Ó amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.9 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, establece:

“Establécese unha bonificación do 50% da cota do Imposto para as construcións, instalación e obras vinculadas con explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” tales como

establos, fosas sépticas, silos almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins. En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

Esta bonificación non terá carácter acumulativo.

A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple. Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A solicitude irá acompañada dun certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras.

Presentada a solicitude e a correspondente documentación, e unha vez completado o expediente co informe do Servizo de Facenda Local, elevarase a correspondente proposta de acordo ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal notificaráselle ao interesado. Unha vez outorgada polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade da construción, instalación ou obra, procederase á concesión da bonificación polo órgano competente. No momento da aprobación da preceptiva licenza de obras, procederase á aprobación da liquidación provisional resultante aplicando a bonificación concedida. Non obstante o anterior, se outorgada a licenza, aínda non se tivese efectuado a declaración de especial interese ou utilidade municipal instada en prazo polo suxeito pasivo, non se teña solicitado aínda esta, ou non se tivese concedido a bonificación, practicarase unha liquidación provisional conforme ao proxecto presentado ou a valoración efectuada polo Servizo de Arquitectura, procedéndose á devolución da parte que corresponda se posteriormente se outorgase polo Pleno a mencionada declaración e/ou se concedese a oportuna bonificación.”

Visto o informe de Facenda Local de data 16.10.2024, segundo o cal CASA XACOBES SC (CIF J27368778) cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.9 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ESTIMAR a solicitude formulada por MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ LOPEZ (NIF 33305500M), en representación de CASA XACOBES SC (CIF J27368778),

procedendo á declaración das obras para construción de fosa para xurro con cuberta para ampliación de explotación gandeira, na parcela catastral 27900A166002000000SG, sita no lugar de Belesar, San Xoán do Campo, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.”

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ESTIMAR a solicitude formulada por MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ LÓPEZ (NIF 33305500M), en representación de CASA XACOBÉ SC (CIF J27368778), procedendo á declaración das obras para construción de fosa para xurro con cuberta para ampliación de explotación gandeira, na parcela catastral 27900A166002000000SG, sita no lugar de Belesar, San Xoán do Campo, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

INTERVENCIÓN

3/170 **RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 27-2024.-**
Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 18 de outubro de 2024, do teor literal seguinte:

“**Asunto: Tramitación de aprobación de facturas**
Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O)
Reparo 57-2024: Art 216.2 c) Recoñecemento extrajudicial

IMPORTE TOTAL:13.620,37 €

IMPORTE TOTAL imputado ó orzamento 2024:13.620,37 €

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ó departamento de contabilidade municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ó orzamento, por importe total de **13.620,37 €**.

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de Área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ó estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da contabilidade municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **13.620,37 € (contía imputable ó orzamento)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo ós créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención xeral municipal Ref. 2024/1433, do 11.10.2024, relativo ó expediente de Recoñecemento extraxudicial de crédito 27-2024, coas consideracións nel contidas, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ó Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización,

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4483608742713237047.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **13.620,37 €**:

CÓDIGO	PROVEDOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA
104335	LA VOZ DE GALICIA SA A15000649	000031	Centro Convivencia Uxio Novone yra; Módulo Faldón (10 Mod.); Insercións: 1; P.Ud.: 238,84; Datas: 7-Lugo Capital da Cultu	24100.22602	202400057817	13.620,37	26/12/2023	NODUS

13.620,37"

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **13.620,37 €**:

CÓDIGO	PROVEDOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA
104335	LA VOZ DE GALICIA SA A15000649	000031	Centro Convivencia Uxio Novone yra; Módulo Faldón (10 Mod.); Insercións: 1; P.Ud.: 238,84; Datas: 7-Lugo Capital da Cultu	24100.22602	202400057817	13.620,37	26/12/2023	NODUS

13.620,37"

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Conforme ao acordado na Xunta de Voceiros nos tres puntos seguintes, o tres, o catro e o cinco, farase un solo debate... Imos esperar a que entren os funcionarios. Darlles, como sempre, a benvinda aos funcionarios desta casa porque esta é a súa casa. Bos días a todos e a todas e imos continuar co desenvolvemento do Pleno ordinario. Polo tanto, doulle a palabra, polo Goberno o concelleiro Mauricio Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Gracias, alcaldesa. Buenos días a todos y a todas. Traemos en esta fecha al Pleno para ser reconocidas extrajudicialmente una factura por importe de 13.620 euros correspondientes a La Voz de Galicia, factura que no fue imputada en la respectiva partida presupostaria por haberse presentado con fecha del 26 de diciembre de 2023. Como saben, todas aquellas facturas que se presentan posteriores al 10 de diciembre de dicho ejercicio se imputan al presupuesto del siguiente año. Recordemos que los motivos más reiteradas los reconocimientos extrajudiciales son la demora en la presentación de la facturas por las diferentes entidades que prestan diversos servicios al Ayuntamiento, así como también la complejidad técnica para su comprobación. En esta oportunidad, como pueden apreciarse, se trata de una campaña para apoyar al mundo de la cultura, de las artes do Eixo Atlántico, siendo en Lugo en la sede de la Capital de la Cultura y haciendo hincapié en el tejido cultural de nuestra ciudad. También traemos a este Pleno un suplemento de crédito por importe aproximado de 1.600.000 euros de ingresos procedentes de participación de las entidades locales, de los cuales 1.354.434,43, serán destinados al pago de subvenciones del tejido cultural del ámbito deportivo y social. 120.000 a asociaciones culturales, 130.000 a clubes deportivos y 277.500 a bienestar social, por entender que son un pilar fundamental de nuestra sociedad y que realizan un trabajo inestimable, muchas veces ejerciendo servicios de competencias autonómicas, pero que en este equipo de Gobierno tiene ese compromiso de apoyar. Este Gobierno progresista siempre estará al lado de las personas, y por eso no sólo reconoce la labor de estos colectivos, sino que apoya con las líneas de subvenciones dichas actuaciones, aun a sabiendas de que son competencias impropias, muchas de ellas, y que se asuman en las arcas municipales con importes mayores a 13 millones de euros de presupuesto municipal, y en este caso la gran labor del tejido asociativo deportivo, cultural. Se asume con este suplemento de crédito también una factura pendiente del último mes de prestación del servicio de Urbaser por un importe de 321.681,10; así como también el canon del control de vertidos remitidos por la Confederación Hidrográfica Miño Sil por el importe correspondiente al ejercicio 2021 de 375.253,33.

En relación a la transferencia de crédito, como é sabido, a la fecha en la que nos encontramos hay partidas que nos ejecutarán de forma completa y en esa misma línea se utilizarán esos fondos para asumir pagos y revisiones extraordinarias de precios, como son el carril bici dentro de la actuación de DUSI Muramiñae, también la revisión extraordinaria del precio del paso soterrado; dichas revisiones son

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4483608742713237047.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

producto de que son obras ejecutadas en plena crisis energética y de precios derivados de la guerra de Ucrania, por tal motivo se trae a este Pleno dicha revisión de precios para su aprobación.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señor Repetto. Polo Grupo Popular, a señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Gracias, alcaldesa. Buenos días a todos y a todas. En primer lugar, queremos mandar todo nuestro apoyo a los afectados por la Dana, Lugo está con vosotros. También quiero saludar a los vecinos y vecinas que nos acompañan hoy, bienvenidos, y también a los trabajadores y sindicatos que una vez más se tienen que venir a manifestar un pleno más y vemos como todo sigue igual.

Centrándome en el punto que se debate en este pleno, nos traen el pack completo: reconocimiento extrajudicial de crédito, transferencias de créditos e suplementos de créditos. El expediente de reconocimiento extrajudicial 27/2024 tiene un importe de 13.620,37 euros, y contiene una factura de fecha 26 de diciembre del 2023, de hace casi un año. A falta de dos meses para que acabe el año, ya van por el reconocimiento extrajudicial de crédito número 27, y el importe total asciende ya a 3.074.658,27 euros y sigue aumentando, casi 3.100.000 euros en reconocimientos extrajudiciales. A este Pleno también nos traen la propuesta de aprobación de la modificación del orzamento del Concello de Lugo para hacer una transferencia de crédito, la 54, el importe es de 260.669,32 euros, dedicada a la revisión extraordinaria de precios, como decía el señor Repetto, del carril bici y de la prolongación del paso subterráneo de la Nacional VI. Los adjudicatarios de estos dos contratos, están en todo su derecho de pedir esta revisión en base a la normativa estatal y autonómica. Además, hay un informe de conformidad de la ingeniera técnica de Obras Públicas y responsable de los fondos europeos. Hasta aquí todo correcto. Pero con lo que no estamos de acuerdo es con su forma de gestionar este Concello y con su falta de previsión. Estos case 261.000 euros van con cargo al préstamo de Caixa Galicia, algo que no pasaría si no se hubiesen gastado en los últimos cinco años case 52 millones de euros que tenían en remanentes de tesorería. Como decía, van con cargo a este préstamo que ustedes pidieron para poder hacer inversiones, pero que no están haciendo, en concreto lo sacan de la partida de los huertos ecológicos comunitarios. Y saben lo peor de todo? Pues que faltaron a la verdad aquí en este pleno públicamente, y no solo ante el PP, sino delante de todos los lucenses y especialmente ante las más de 400 personas que se manifestaron y ante las personas que presentaron alegaciones a los presupuestos denunciando la situación límite de la Protectora de animales. Recordemos que se les pidió que destinasen los case 800.000 euros de la partida de los huertos ecológicos comunitarios a la mejora de las instalaciones de la protectora, pero votaron en contra; Se ampararon en que tenían que hacer los huertos ecológicos urbanos porque forman parte de un programa cofinanciado por

la Unión Europea, y que si no lo hacía podría suponer algún tipo de penalización. Pero ahora vemos como una vez más, *dato mata relato*, se repite lo que estamos viendo una y otra vez: Para lo que quieren ustedes sí que hay dinero, para lo que no quieren, no lo hay; para lo que ustedes quieren sí que se pueden hacer transferencias de crédito y hasta modificar las inversiones, para Protectora no hay dinero y para el carril bici si. Señor Repetto, yo le voy a pedir que me conteste a una pregunta: ¿Ya no les importa pagar la penalización por no hacer los huertos ecológicos o lo que nunca les importaron fueron los animales de la Protectora?.

También a este pleno nos traen el suplemento de crédito 1/2024, por un importe de 1.354.434,43 euros. Estas cantidades que ustedes reciben, a mayores que lo que tenían previsto é un orzamento, lo podrían dedicar a necesidades reales de los lucenses. 1.355.000 euros dan para mucho, dan para hacer bastantes cosas, pero una vez más, por su falta de gestión y de previsión lo tienen que dedicar a pagar gastos pendientes. De ese total, 657.500 euros lo dedican a pagar subvenciones nominativas del año 2024, que a dos meses de finalizar el año ustedes tienen sin pagar.

Ya les adelanto que vamos a abstenernos, a votar abstención, por responsabilidad, porque reiteramos que las ayudas a las asociaciones son insuficientes y llegan tarde. Trajimos una iniciativa al Pleno para que se actualizasen las cantidades y para que las asociaciones puedan pedir anticipos muy necesarios para pudiera llevar a cabo sus funciones, pero ustedes votaron en contra. Después quieren venir dando lecciones y pidiendo explicaciones a otras administraciones cuando ustedes son incapaces de gestionar lo que pasa dentro de su propio Concello. 370.253,33 euros lo destinan a pagar el canon de control de vertidos de la Confederación Hidrográfica Miño Sil correspondiente al año 2021, que tenían sin pagar, igual que el año 2022 y 2023. Y después vienen dando lecciones de que no son ustedes un Concello moroso, claro, si no tienen las facturas registradas, no computan y no aumenta el periodo medio de pago. No es la primera vez que vemos isto, recordemos la famosa factura de Urbaser, según la señora alcaldesa...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Señora Carballas continúa no segundo turno. Señor Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Señora Carballas, le recuerdo que el período medio de pago de este Ayuntamiento es uno de los mejores de Galicia, 7,2 días. Lugo no es un Concello moroso, lo repito siempre para que le quede claro. Y los trámites de los expedientes, la recepción de los mismos, su comprobación y posterior conformidad del gasto para ser abonados, son realizados por los diferentes servicios y por los técnicos municipales con total rigurosidad, y siempre tendrán nuestro reconocimiento y apoyo. Y le recuerdo que al año se pagan alrededor de 7.000 facturas por un importe superior a 70 millones de euros. Está claro que la gestión no es lo suyo, es enredar, intentar confundir al vecino, que

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4483608742713237047.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

pretende que no asumamos el coste que ha quedado acreditado por parte de las empresas al prestar sus servicios?. Entonces, en que quedamos? El compromiso de las empresas lo asumimos, o no? Pues, en función de lo que le convenga ustedes aquí en este Pleno. Hace bien en ir a pedir que le expliquen cómo funcionan los fondos europeos, porque la verdad es que no tiene ni idea. Y cómo somos un ayuntamiento saneado, tendremos recursos, podemos recurrir a suplementos de crédito, esos que usted tanto critica y como ya como le informé también, que el tejido asociativo es uno de nuestros mayores capitales y por eso se van a asumir esas líneas de subvenciones. Gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:Moitas grazas. Señor Repetto. Ten a palabra novamente a señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Señor Repetto, usted me está dando la razón. Lo que no está registrado no existe, con lo cual no cuenta para los cálculos del período medio de pago. No sé cómo pueden decir que ustedes no son un Concello moroso cuando tienen aquí a todos los trabajadores a los que no les pagan. Y no me contestó a la pregunta que le hice de la Protectora. Insisto, ya no les importa pagar la penalización que ustedes decían que tenía que pagar, o los que nunca les importaron fueron los animales de la Protectora? Non me contestó. Hace unos meses, por cierto, usted me decía que no le había dicho nada por no traer al Pleno expedientes de reconocimiento extrajudiciales de crédito. Entonces en este Pleno, que nos traen el pack completo, que es lo que le debería decir?. Acaban de recibir, como decía, 1.355.000 euros que dan para mucho. Entonces, nos gustaría que nos explicasen, y se me hubieran recibido ese dinero, donde lo hubieran sacado? Seguirían aumentando las deudas de este Concello o dejarían sin pagar estas subvenciones? ¿Qué más proyectos van a dejar ustedes sin hacer?, Mire, le voy a dar un dato: ustedes en el suplemento de crédito pagan una parte de las subvenciones nominativas del área de Cultura, del área de Deportes y del área de Bienestar Social. ¿Sabe cuánto suma en total el orzamento de estas tres partidas? 721.655 euros, y acabamos de ver cómo le dedican 657.500 euros de suplemento a pagarlo. Es decir, que gracias a esta cantidad que ustedes, insisto, reciben a mayores, van a pagar más del 91% de las subvenciones nominativas del área de Cultura, del área de Deportes, del área de Bienestar Social, que a dos meses de finalizar el año tienen sin pagar. Como tienen sin pagar la mayoría del resto de la subvenciones. Y después quieren venir dando lecciones y pidiendo explicaciones a otras administraciones cuando son incapaces de gestionar su propio Concello. Consejos vendo que para mí no tengo. Para ir a manifestarse a otras ciudades. primero deben hacer sus deberes, trabajar, gestionar, y después, si el ministro Óscar Puente le pone esos trenes lanzadera rápidos de enlace que anunció que llegarían a Lugo, pueden cogerlo e ir a manifestarse, incluso, a Madrid,

aunque mucho me temo que el único tren que nos va a traer el PSOE a Lugo es el mismo de todos sus años, el tren de La Bruja en San Froilán.

Y para finalizar les voy a leer alguna de las observaciones que figuran en los informes de Intervención del suplemento y de la transferencia de crédito que hoy nos traen a Pleno: Vense advertindo pola Intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indicadores e magnitudes económico financeiros do Concello na necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. En cuanto ás modificacións de crédito poden ser indicativas de que se sobrepasaron as previsións orzamentarias en determinadas áreas ou materias neste momento do ano, o que debería merecer unha reflexión máis profunda por parte dos xestores -que, eses son ustedes- antes de propoñelas. Primeiro, por favor, por el bien de los lucenses hagan sus deberes aquí, dejen de hacer oposición a otras administraciones y céntrense donde estamos, en Lugo. Desde el Grupo Municipal del Partido Popular seguiremos trabajando para que los lucenses tengan toda la información explicaciones que se merecen.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Gracias. Moitas grazas, señora Carballas. Ten a palabra na última quenda o concelleiro Mauricio Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Señora Carballas, como la veo tan preocupada con los fondos europeos, quiero recordarle que el Ayuntamiento de Lugo tiene un nivel de ejecución de fondos europeos de un 99,9 y la Xunta de Galicia tiene un 70% de fondos europeos sin ejecutar, del año 23.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Señora Carballas, tamén teño que dicirlle que tamén hai que mirar ben as cousas porque no suplemento non todos son facturas, hai un tributo. Por que o canon de vertidos non é unha factura, é un tributo, Por se non o sabía, dígollo, eu.

Tamén quero aproveitar para darlles a benvida a todos os veciños de Coeses nesa reivindicación que todos compartimos, neste Concello, polo menos o Goberno a comparte e, polo tanto, doulle a benvida a todos e a todas.

4/171 TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS NÚMERO 54-2024. REVISIONS EXCEPCIONAIS DE PREZOS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 21 de outubro de 2024, do teor literal seguinte:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4483608742713237047.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

“Importe: 260.669,32 euros

Destino:

- Revisión extraordinaria de prezos da obra “Actuacións relacionadas coa liña de actuación 6 do proxecto MURAMIÑAE-EDUSI (carril bici) solicitada pola entidade adxudicataria do contrato, Construcciones Taboada y Ramos, S.L. (B36052876), por importe de 116.162,81 €
- Revisión extraordinaria de prezos da obra “Prolongación do paso subterráneo baixo a N-VI” solicitada pola entidade adxudicataria do contrato, Grupo Bascuas 2008, S.L. (B27370147) por importe de 144.506,51 €

FINANCIAMENTO: PRÉSTAMO CAIXA GALICIA 2024

Logo de ver:

- A revisión extraordinaria de prezos da obra “Actuacións relacionadas coa liña de actuación 6 do proxecto MURAMIÑAE-EDUSI (carril bici) solicitada pola entidade adxudicataria do contrato, Construcciones Taboada y Ramos, S.L (B36052876), por importe de 116.162,81, en aplicación da fórmula nº 154 e baseándose na normativa estatal e autonómica para manter a viabilidade dos contratos ante as excepciónais circunstancias sociais e económicas producidas pola pandemia e a guerra de Ucraína, así como informe de conformidade da enxeñeira técnica de obras públicas e responsable dos Fondos Europeos, dona Gema Iglesias Méndez.

- A revisión extraordinaria de prezos da obra “Prolongación do paso subterráneo baixo a N-VI” solicitada pola entidade adxudicataria do contrato, Grupo Bascuas 2008, S.L (B27370147), por importe de 144.506,51, en aplicación da fórmula nº 154 e baseándose na normativa estatal e autonómica para manter a viabilidade dos contratos ante as excepciónais circunstancias sociais e económicas producidas pola pandemia e a guerra de Ucraína, así como informe de conformidade da enxeñeira técnica de obras públicas e responsable dos Fondos Europeos, dona Gema Iglesias Méndez.

- O establecido nas Bases nº 11 e 14 das de Execución do Orzamento Xeral municipal do exercicio 2024.

- O Informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2024/1474 do 21.10.2024, e considerando a inexistencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias de referencia no vixente Orzamento, segundo figura na memoria-providencia que acompaña á presente proposta, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento xeral, mediante a modalidade de Transferencia de crédito (TC 54/2024) entre aplicacións de distinta área de gasto por importe de 260.669,32 €, así como a modificación do Plan de Investimentos co seguinte detalle:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €
15100.60900	24XX00005	260.669,32	24100.60900	16DUSINS	260.669,32 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO		260.669,32 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		260.669,32 €

2) Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas."

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento xeral, mediante a modalidade de Transferencia de crédito (TC 54/2024) entre aplicacións de distinta área de gasto por importe de 260.669,32 €, así como a modificación do Plan de Investimentos co seguinte detalle:

APLICACIÓNS	C.P.		APLICACIÓNS	C.P.	
-------------	------	--	-------------	------	--

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4483608742713237047.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO		IMPORTE €	ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO		IMPORTE €
15100.60900	24XX00005	260.669,32	24100.60900	16DUSINS	260.669,32 €
TOTAL CEDIDO		260.669,32 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		260.669,32 €

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente cos puntos 3/170 e 5/172. As intervencións producidas figura ao pé do referido asunto 3/170.

5/172 SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 1/2024.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 21 de outubro de 2024, do teor literal seguinte:

“Importe: 1.354.434,43 euros

Destino:

- Subvencións nominativas recollidas no Orzamento Xeral de 2024 da área de Cultura (parcial): 120.000,00 €
DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Non competencia do Concello. O Concello xestiona e eu agradecería que utilizasen ben as palabras, hoxe non é competencia do Concello. Segundo, non hai horas sen utilizar. As persoas teñen un tempo dende que se lles ofrecen as horas para aceptalas ou non. Cando son persoas de grado 3 rondan as 90 horas, de feito xa me trasladaron isto os técnicos, porque posiblemente saíra aquí, había tres persoas en grado tres esperando e unha, me parece, en grao dous que suman esas horas pendentes da aceptación ou non dos usuarios. Así que non falseen os datos, non os falseen. Miren, os datos que están - porque ademais pódenos consultar no Ministerio, nas páxinas oficiais de axentes externos en calquera lado- Empezouse a nun cumprir a aportación do Estado con Mariano Rajoy, acabo de dicilo, no 2012, e o que fixo o Goberno progresista foi un plan de choque para minimizar. Mire, a Comunidade autónoma incrementou o orzamento en 2023 nun 2,22%. A variación estatal foi un 29,12. O Estado aporta neste momento máis do 47%. A Comunidade autónoma apenas chega ao 36%. Quen paga ao resto? Os concellos, os concellos pagamos o resto. De feito, voullo dicir para que o teñan clariño aos veciños que nos escoitan, que dos 20,86, quero ser rigorosa, do prezo hora que costa o servizo, a Xunta de Galicia paga 12 euros, ou sexa, é escandaloso, pero é que neses 12 euros está incluído o que lle aporta o estado, que vén no mesmo saquiño, vén no mesmo saco. Así que o Concello de Lugo aporta máis do 40%, e vostedes lávanse a cara ou cando non, cando eu falo a súa voceira está conversando por whassapp aquilo que lle convén, que a min gustaríame que se revisaron as imaxes. Si, si, señora Candia, esa é unha realidade, iso quere dicir o que lle interesa, vale?, whaspeando. Iso tamén o fan os malos alumnos... Cantas horas lle debe a Xunta de Galicia? ... Cantas horas lle debe? ... Podo continuar sen que me interrompan... Perdín tempo. A Xunta de

Galicia débelle aos veciños e veciñas de Lugo... Non vou falar mentres haxa murmurios ..., síntoo...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: ... Señora Candía, ten que estar en silencio, esta falando á compañeira, e polo respecto deberían estar calados. Ten razón, porque pode interromper moito e pode, ben, que non pode ela continuar, e ten razón, porque é moi molesto estar oíndo boom, boom. Pero é que é curioso... Por iso eu voulle dar un pouco máis de tempo evidentemente, porque é curioso que cando falan vostedes non se lles interrompe nunca. Téñollo que dicir pleno tras pleno, é penoso, pero todos os plenos teño que dicir iso. Polo tanto, pídlle que teñan respecto e despois na súa intervención digan o que teñan que dicir. Continúa a señora López Racamonde.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Neste momento a Xunta de Galicia vén a deberlle 22.522 horas ao Concello de Lugo para así poder atender a todos os expedientes que están en lista de agarda de dependencia. Iso significa que debería aportar unha contía económica de 4.000.748 euros a día deste informe, porque como é é posible que vostedes revisen, con razón, e que teñen razón...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Señora Racamonde ten que acabar na seguinte quenda. Ten a palabra a voceira do Bloque Nacionalista Galego, dona Cristina López. Non quere tomar a palabra, polo tanto, señor Díaz.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias. Señora concejala, pidan más horas, lo hemos repetido en marzo y cientos de veces, pidan horas a la Xunta de Galicia y dispondrá de horas, nunca se han utilizado todas las horas que la Xunta de Galicia puso a disposición del Concello. Cada mes tenemos un informe de las horas que quedan sen utilizar. Pidan más horas, eso se lo puedo decir, que lo pueden pedir y serán otorgadas. Volvo a repetir cosas que ustedes ya saben, que el Gobierno central incumple una y otra vez con su obligación de aportar el 50% del coste de atención a la dependencia. Hacía referencia usted que tiene que ser el Estado y las comunidades autónomas los que tienen que aportar ese dinero, y resulta muy curioso que tanto el BNG como el PSOE se callen ante este incumplimiento. Entiendo que puedan pedir que la Xunta revise los importes, pero que se callen ante el incumplimiento flagrante que hasta un ministro del gobierno lo reconoce en el Senado. Se lo acabo de leer. Y callan cuando saben perfectamente, hace unos meses, exactamente en abril, marzo o abril de este mismo ano, así lo reconocía en el debate sobre este tema en la Diputación Provincial, cuando proponían al Pleno de esta Administración adoptar un acuerdo para solicitar a la Xunta de Galicia y a la Administración General del Estado, repito, a la Administración General del Estado, el financiamiento integro de servicios como o SAF. Eso lo pedía el Bloque Nacionalista Galego hace unos meses. Sean ustedes coherentes. La Xunta de Galicia está financiando el 70% de este servizo y año tras año sigue incrementando esta aportación, eso es incuestionable. Sin embargo, el

Gobierno central incumple sus obligaciones de financiamiento de los gastos al 50%, y eso también es incuestionable. Reclamar a la Xunta de Galicia que incremente la aportación que hace a este servicio cuando ya lo está haciendo es, como ya les hemos dicho hace cinco meses, una cuestión únicamente de interés político. Y reclamar á Xunta de Galicia la dotación de más horas, cuando el Concello no utiliza las actuales que tienen a su disposición pues es una incongruencia absoluta. En la actualidad más de 25.000 personas son usuarias del servicio de SAF en Galicia. Este número tan elevado de beneficiarios hace que el SAF sea uno de los pilares del sistema de atención a la dependencia en nuestra comunidad. Es inexplicable que alcaldes del PSOE y del Bloque Nacionalista Galego sigan en silencio ante un incumplimiento tan flagrante. El Concello de Lugo tiene que apostar por nuestros mayores y por las personas dependientes y tiene que exigir el cumplimiento de las obligaciones a aquel que incumple reiteradamente que es el Gobierno central. Insten al Gobierno central a cumplir con la Ley de dependencia, a cofinanciar al 50% los gastos de atención en esta materia, y tendrá el voto de nuestro grupo municipal. Muchas gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señor Díaz. Pois, última quenda para a señora López Racamonde.

DONA OLGA LÓPEZ ROCAMONDE: Ben, retrátense votando. Falsean datos, o Concello de Lugo gasta todas as horas. Repito, hai un prazo dunha semana desde que se lles ofrecen ao usuarios ata que aceptan. Non terxiversen. Vostedes están terxiversar e manipular datos, como fan sempre, dunha forma que ata para min non ten cualificativos, porque é indigna esta maneira súa de facer política. Estámoslles pedindo horas, o Concello de Lugo, este grupo, esta concelleira que xestiona estas horas, estanlle pedindo horas á Xunta de Galicia. Anóteno. Estámoslles pedindo horas, co pago correspondente, que lle toca, co pago correspondente, que lle toca, e vostedes retrátense aquí para ver se son capaces de facelo ou non. E retrataranse os dependentes, porque a quen lle adebedan catro millóns de euros, case cinco, e 22.000 horas é aos usuarios dependentes que vostedes teñen en lista de agarda, así que retrátense. En vez de whatsapear, retrántense.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas. Imos votar esta proposición.

12/179 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 366/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O PROXECTO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN ESPERANTE (Exp. 2024/G004/000721).- Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

“O Concello ten atribuídas competencias en materia de abastecemento/saneamento de augas, de acordo co establecido nos artigos 25.2.c e 226.1.a da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local; no

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4483608742713237047.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

mesmo sentido exprésanse a Lei 5/1997 de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e Lei 9/2010 do 4 de novembro de Augas de Galicia.

A pesares dista clarísima atribución competencial, o Concello leva demostrado que iste servizo público fundamental non é unha prioridade para eles, coma amosan o desmantelamento da brigada de augas, a deficiente solución das avarías ou a mesma inexistencia dos servizos básicos na zona rural.

A presión veciñal e a labor política dende a oposición levaron ao goberno municipal a anunciar, en reiteradas ocasións, intervencións para dotar de saneamento á parroquia de Esperante; estes anuncios comezaron xa na época do alcalde López Orozco, cando negociou o asunto con José Manuel Barreiro e continuaron sendo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo en varias ocasións; especialmente de interese para ista moción é a data de 2017, cando Esperante entra na axenda política, cun compromiso de financiar as obras precisas, pero non é ata febreiro de 2024 que o goberno de Lugo da un paso real na dirección tantas veces anunciada, redactando un “Proyecto de Ejecución de un interceptor de aguas residuales en la N-540 en Esperante”, que presenta a Augas de Galicia para a súa supervisión.

Iste breve resume evidencia unha lentitude inaceptable por parte do goberno local.

Dende o grupo municipal popular entendemos que, para compensar estes retrasos e a inacción do goberno municipal ao longo de tantos anos, o correcto e axeitado sería incluír na mesma obra o abastecemento, que non está contemplado no proxecto, en troques de facer dúas obras en tempos distintos, acadando así, dunha soa vez, o cumprimento da obriga do Concello cos veciños de Esperante para dotarlles destes dous servizos básicos municipais.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

Instar ao Concello de Lugo e á Xunta de Galicia a ampliar e executar o proxecto de abastecemento e saneamento en Esperante.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Polo Grupo Popular, señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Pois moi bo día de novo. A punto estiven de pedir a aplicación do artigo 68, que levo 14 alusións neste Pleno, pero creo que, aínda que sexa polo contexto e as imaxes de Valencia e a responsabilidade de servizo público, que obra ademais no meu currículo, de non ter ningunha chamada á orde na miña traxectoria, pois vou centrarme no asunto que tamén é moi importante.

O Concello de Lugo e a Xunta de Galicia teñen avanzado dende o ano 17, que entrou en axenda, un convenio, un borrador dun convenio, para que unha parroquia desta cidade, concretamente Esperante e Calde, teñan servizo de saneamento. Este compromiso, que data, como xa dixen, dende hai demasiados anos, foi liderado pola anterior a alcaldesa, a señora Lara Méndez, e entendo que evidentemente mantén o compromiso da actual alcaldesa. Non está demais puntualizalo, porque todos coñecemos que publicamente xa houbo compromisos que decidiu non continuar, e en privado cada día nos chegan algunha desas de onde dixen digo, digo Diego, pero seguramente que neste, insisto, absolutamente comprometida con ese ton construtivo. É demasiado tempo para tramitar un convenio, e citeino no 2017, pero podía incluso citalo moito antes, cando outro alcalde, o señor López Orozco, e o que por aquel entón tiña a responsabilidade na Consellería de Medio Ambiente, o señor José Manuel Barreiro, continuaron, tramitaron e moitas reunións con un importante traballo por parte da veciñanza desa parroquia, que sempre apostou por declarar iso unha prioridade.

Nós sabemos que o abastecemento de auga e o saneamento, especialmente no rural, pero tamén na cidade, non é unha prioridade do Goberno. Poderíamos dar moitas cifras, que creo que ademais é a mellor maneira de defender as cousas, pero a realidade é que dende o ano 2017 hoxe aínda non hai nin o borrador convertido en convenio nin a obra licitada e, o máis preocupante, ningunha garantía, con reunións, apostando e complementando proxectos, contratando con empresas externas, ben, pequenos pasos que son ademais moi lentos. Por iso entendemos que ese compromiso que se fixo público, que aplaudimos e por suposto que apoiamos, debería dar un salto cualitativo que dalgún xeito, digamos, que compensará ese atraso. E o que nun momento inicial era un compromiso soamente para saneamento, que déramos dende o salón de plenos nunha área da súa competencia, que aí tampouco ninguén o vai a poñer en dúbida, e para iso non está ademais recordar os artigos 25.2 c), e o 226 da lei 7/85, entre outros, creemos que debemos dar ese salto cualitativo. Que pedimos hoxe aquí? Que entre o Concello de Lugo e a Xunta de Galicia, instar as dúas administracións, a avanzar máis rapidamente. Iso quedou bastante explícito na exposición de motivos, pero a proposta de acordo literal é ampliar e executar o proxecto de abastecemento e saneamento en Esperante, que se aproveiten ademais as obras con execución simultánea, que tecnicamente todo o mundo nos informa que vai supoñer un abaratamento de custo, o que se di facer máis con menos, que se mellore, por suposto, o proxecto inicial e que colla “marchita”, como dicía o compañeiro Damián

na súa primeira iniciativa, porque certo que o abandono con estes servizos é alarmante. O desmantelamento da Brigada de obras segue sen ter data de cobertura, non temos licitado o novo contrato; o servizo de reparación de fugas segue sendo unha materia pendente, e eu creo que a cidadanía agora que sabe que lle vai subir o imposto un 25%, pois tamén necesita reflexos de que ese esforzo por parte dos veciños e veciñas de Lugo vai ter unha repercusión positiva, polo menos en algunhas zonas. Poderíamos traer moitas iniciativas coma esta, pero creo que o operativo, o útil, o que creo que significaría, pois, un exemplo de consenso é de arrimar o ombro a empezar por aquela que elixiu o Goberno e darlle, como dicía, ese salto cualitativo que compense ese atraso de tantos anos, porque o que é inevitable é que hoxe é un servizo que non existen nesas parroquias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Grazas, Señora Candia. Ten a palabra o conselleiro Mauricio Repetto, polo Goberno.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Gracias, alcaldesa. Este equipo de Gobierno esta a traballar para dotar el servicio de saneamiento a los vecinos de Esperante. Como bien sabe, somos un municipio netamente rural, con 54 parroquias, muy extenso. Ya sé que el dotar de estos servicios de abastecimiento y saneamiento en la zona rural sea muy complejo. Desde los estudios necesarios para salvar la viabilidad de los proyectos, así como también la ejecución de dichas obras. Somos conscientes que se trata de una deuda histórica, pero este Concello no tiene la capacidad de asumirlas en soledad. Quiero recordar que los vecinos de Lugo en los últimos siete años han pagado a la Xunta de Galicia por el canon del agua un canon finalista mas de doce millones de euros que no han visto repercutidos en su municipio hasta el día de hoy. Estamos hablando de una obra que sólo contemplando el saneamiento, que es el proyecto existente, que es el proyecto inicial, hasta el momento, ronda los 2,5 millones de euros. Es cierto que existe un compromiso político por ambas administraciones en un 70-30. Lo que trasladamos en principio es lo urgente, lo que la parroquia Esperante nos reclamó, era el saneamiento. Dicho proyecto muy necesario para poder dar ese saneamiento y depuración de aguas residuales, porque también recordemos que se han detectado vertidos en las inmediaciones del sanatorio de Calde. Lo que sí lamentamos es que con el saneamiento Esperante está a pasar lo mismo con el resto de actuaciones que tenemos que asumir de forma conjunta con la Xunta de Galicia. Ronda Leste, la zona de baño, Sagrado Corazón. Sólo se trata de enredar y poner nuevos requerimientos, nuevos proyectos sobre la mesa, modificar de raíz proyectos sin contar con la otra Administración ni tan siquiera hacer llegar esas modificaciones y esos nuevos proyectos ninguneando a los propios técnicos municipales. Lo dicho, aún estamos esperando la memoria para poder estudiar el proyecto, y aún no hemos recibido de Aguas de Galicia, después de mantener una reunión, el proyecto donde se asume no sólo el saneamiento, sino el abastecimiento.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas. Señor Repetto. Ten a palabra a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Si, vamos ver, o compromiso que se asumía, polo menos o que trasladaron a medios públicos despois dese compromiso, é que o proxecto o tiña o Concello. De feito, foi esa a razón pola que se elixiu esa localización. A anterior alcaldesa, cando o presidente da Xunta, na reunión, lle asume empezar a traballar nun 70-30, que me parece un bo avance e una noticia que poño en positivo, quen elixiu a localización é quen dixo que xa tiña o proxecto feito era o propio Concello. Eu non vou poñer en dúbida, por suposto, nin os técnicos deste Concello nin os funcionarios, que teño que dicir, e aproveito ademais a ocasión, que a acollida nesta Administración foi absolutamente excepcional, que a profesionalidade e o trato coa miña persoa e co grupo municipal é de matrícula de honor, pero tampouco vou poñer en dúbida a profesionalidade dos funcionarios de Augas de Galicia con quen traballei noutras responsabilidades que tiveron no seu momento e que tamén destaco a súa profesionalidade, o seu enorme coñecemento en infraestruturas hidráulicas e que, indubidablemente, o que queren é avanzar e traballar, e iso quen o poña en dúbida que o demostre, porque si que, creo, que queda moi mal poñer en dúbida a profesionalidade dos funcionarios. Ao mellor vostede non o quixo facer, pero de escoitalo, quedou esa dúbida.

Mire, eu teño uns datos do que investiu en infraestruturas hidráulicas dende o ano 2005 nesta cidade. E o orzamento de Augas de Galicia pasou de 17 millóns de euros. É certo que era outra responsabilidade e outro alcalde e o que é inevitable é que a xestión e o único que permite que avancen e que se consoliden proxectos, porque de gobernar para tweets, para perfís de facebook, para notas de prensa, probablemente o poida facer calquera, ben, calquera non, evidentemente, os profesionais do mundo da comunicación tamén merecen todo o meu respecto, e indubidablemente teñen que acertar no enfoque das noticias, pero non avanza un proxecto con sete noticias, non avanza a cesión das Gándaras porque vostede e alcaldesa fosen alí a dicir que era da Xunta, quedou moi bonito na páxina web do Concello, aínda figura hoxe, pero non avanzou e, de feito o propio concelleiro dixo que aínda hoxe non tiña un informe favorable do Ministerio de Defensa. Entón, traballar é outra cousa, xestionar é outra cousa. Se o proxecto tiña algunha deficiencia técnica e non puideron facelo con medios propios, como así expuxeron, porque isto xa o preguntamos en distintas ocasións, non era vostede que no contestaba, era o responsable de Medio Ambiente, e se contratou a unha empresa externa para mellorar o proxecto, deixaba evidencia dúas cousas, que non había o proxecto cando a alcaldesa se sentou co presidente, e que aínda o documento que tiñan anos despois estaba sen estar en condicións de ser licitado. Pero, en todo caso, a proposta de hoxe é moi sinxela: demos un salto cualitativo, mandemos ou mensaxe de que traballamos conxuntamente, instamos á Xunta a que nesa amplitude de concepto siga financiando o 70% e que o Concello cumpra ese compromiso, e que compensemos ese atraso co servizo ...

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4483608742713237047.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas. Señora Candia. Ten a palabra o concelleiro Mauricio Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Este Ayuntamiento solicitó una reunión con Augas de Galicia donde se acordó remitir la memoria del nuevo proyecto. Sí que es verdad que existe el proyecto de saneamiento, hay que modificarlo para incluir el abastecimiento, y esta modificación en la que aún estamos esperando porque Aguas de Galicia no nos ha remitido dicha modificación. Vemos que no hay voluntad política de destrabar el proyecto de saneamiento de Esperante. Nuevamente se trata de enredar y generar polémica y dejar el proyecto en un cajón, no sea cosa de que a Lugo le vaya bien, porque el PP a Lugo ni agua. Polo tanto, le propongo una enmienda *in voce*, una enmienda de sustitución, que inste al Consello de Lugo y a la Xunta de Galicia a analizar la viabilidad técnica y económica de ampliar el proyecto conjunto previsto para la creación de una red de saneamiento en Esperante para abordar de forma simultánea la construcción de la traída de abastecimiento, bajo el compromiso vecinal de adherirse a ella en cuanto esté implantada, respetando el acuerdo inicial de ese 30-70, efectivamente.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señor Repetto. Ten a palabra a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Recoñecen que hai un proxecto de saneamento, que ten que sufrir unhas modificacións, e recoñecen que hai un proxecto de abastecemento e pretende que a emenda sexa que estudemos a viabilidade técnica. Entón ambos proxectos, vostede cuestiona que tecnicamente non teñen a solvencia para ser licitados? Miren, ánimo construtivo, porque por moito que repitan unha mentira non se vai converter en verdade e ninguén nos vai mover da nosa folla de ruta. Vimos a traballar e vimos a solucionar, por moitas faltas de respecto e por moitas sobreactuacións que queiran facer cara á miña persoa, cara ao meu grupo ou cara a quen queiran. A nosa proposta é instar o Concello e a Xunta a ampliar, executar o proxecto de abastecemento e saneamento en Esperante. Obviamente, o que vostede propón se lle supón, porque se tecnicamente non se puidera facer xa non gastarían vostedes nin no proxecto de saneamento nin se faría o proxecto de abastecemento. Entón creo que está perfectamente redactado, creo que ademais a nosa intervención...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Grazas, señora Candia, Acabou o seu tempo.

O que si é certo é que o compromiso que tiñamos era o saneamento 70-30, nunca o abastecemento. De feito, está dicindo o concelleiro que estivo en Santiago nin se lle presentou aínda o proxecto de abastecemento para velo. Ou sexa, que estamos xogando outra vez a xogos malabares. Eu invito e ti pagas. Temos un compromiso, para o saneamento, ademais, por que temos ese compromiso? porque aí hai un hospital, e onde está metendo todo todo o saneamento ese hospital? Iso é o que

hai que mirar, é dicir, de quen é responsabilidade? Iso é o que hai que mirar, e nós para ter e atendidos aos veciños e que non ocorra nada, estamos falando dun hospital do Sergas que non sabemos onde está vertendo todo iso. Esa é a verdade, esa é a verdade, señora Candia. E para atender aos veciños e que non ocorra nada, o que se fixo foi comprometerse nese saneamento, nun 70-30, e agora, volvemos aos xogos malabares, pegan un brinco e din: vale, si, pero tamén abastecemento, sen contar se podemos, se non podemos, iso si, o canon da auga, como dicía o señor Repetto, 12 millóns de euros, aquí non vimos nada, non vemos nada porque poden, xa que nós recadamos para a Xunta de Galicia, como dicía tamén Mauricio Repetto, é finalista esa taxa, ese canon, eses 12 millóns poderían meterse para empezar a facer saneamento e abastecemento, pero non. Queren que nós financiemos algo ao que non estábamos comprometidos, estamos comprometidos ao saneamento non ao abastecemento. O próximo día nos din que queren poñer, non sei, que queren poñer un aeroporto, e Lugo di si, si, nós queremos que se poña vostedes o 30 e os nós 70, non, cada un terá o seu orzamento, o que pode atender e o que non poida atender. En todo caso, falalo previamente, falalo cun para dicir: oe, nos comprometemos, ademais do saneamento, tamén nos comprometemos ao abastecemento. Eu, cando estiven o 9 do xullo falando co presidente da Xunta de Galicia, co señor Rueda, falamos do saneamento, a min nunca me falou do abastecemento, nunca. Polo tanto, saben que estamos, outra vez, nos xogos malabares. Pero tenme mala pinta, mala pinta cando veñen así, dando unha volta máis de torca e que xeralmente non o queren facer. Entón meten unha variable máis para dicir non, os que non queren son eles. Están metendo unha variable máis, e sempre, está ocorrendo o mesmo, por iso sempre falo de xogos malabares e por iso tenme mala pinta. Creo, a ver, oxalá que me equivoque, que están intentando non atender a ese saneamento, de verdade que o creo firmemente, e oxalá que me equivoque, pero están xa buscando una variable máis pero non atender ao seu compromiso. Polo tanto, entendo, como lles dixo, leu a emenda, entendo que non a vai aceptar. Moi ben, pois entón imos votar.

13/180 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 367/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR AO GOBERNO DE ESPAÑA SERVIZOS FERROVIARIOS DE CALIDADE PARA A PROVINCIA DE LUGO (Exp. 2024/G004/000722).- Vista a devandita proposición do seguinte teor:

“O tren na provincia de Lugo vive o peor momento da súa historia. E isto demostra o afastado que está o Goberno de España da realidade da nosa provincia en relación ás infraestruturas e servizos ferroviarios porque o ministro de Transportes y Movilidad Sostenible, Óscar Puente, manifestou en varias ocasións exactamente o contrario: que *‘el tren vive en España el mejor momento de su historia’*.

Lugo é a única provincia e a única capital de provincia que queda sen acceso á alta velocidade ferroviaria entre as provincias do noso redor porque o

actual trazado da liña entre Lugo e Ourense non permite alcanzar nin alta velocidade nin velocidade. As actuais obras de modernización e electrificación (que arrastran atrasos e mantén pechada a liña entre Ourense e Monforte dende novembro do 2022) non supoñen melloras no trazado e, ademais, o Goberno de Pedro Sánchez rexeitou construír as variantes que proxectaba o anterior Goberno do Partido Popular nos Peares-Canabal e Rubián e que si permitirían reducir o tempo da viaxe entre Lugo e Ourense.

A isto hai que engadir que nos últimos anos se perderon servizos ferroviarios (algúns deles eliminados durante a pandemia): o tren-hotel a Madrid e Barcelona, o tren Arco directo Lugo-Bilbao, a unidade con Ponferrada polas mañás, unha das catro liñas diarias de Lugo a Madrid e a conexión con Lugo do AVE que chega a Ourense ás 23.00 horas. Ademais, a atención presencial nas estacións foi substituída por atención telemática a través dunha pantalla.

A situación actual das infraestruturas ferroviarias na provincia, e moi concretamente na cidade de Lugo, está claramente definida polas decisións do Goberno de Pedro Sánchez que derivan no illamento da alta velocidade e a perda de servizos nos últimos anos que se engade ao atraso e a paralización de obras en marcha. Ademais dos atrasos na modernización e electrificación das liñas Ourense-Lugo e Lugo-A Coruña, as obras de supresión de pasos a nivel (que deben contemplar a execución de novos accesos para garantir unha comunicación segura entre ambas marxes da vía) están paralizadas. É o caso dos pasos a nivel do núcleo de Recimil ou Coeo no Concello de Lugo, onde o ano pasado se rexistrou un accidente no que perderon a vida dous mozos.

Por motivos de seguridade este tipo de actuacións non se deben dilatar no tempo igual que tampouco o estudo de viabilidade para unir Lugo e Santiago por tren que o Goberno de España vén de licitar recentemente e ao que se debería unir outro estudo para determinar a viabilidade de unir a liña Lugo-A Coruña coa da Mariña de forma que se permita a conexión ferroviaria entre as distintas zonas da provincia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno do Concello de Lugo insta ao equipo de goberno a demandar ao Goberno de España:

- Que restableza e reforce os servizos ferroviarios que posibilitan a mobilidade dos galegos, tanto no interior coma co resto de España, en particular, recuperando as frecuencias suprimidas pola pandemia e adoptando as medidas necesarias para que a oferta dispoñible en conexións e horarios responda ás necesidades reais de cidadanía.

- Que incremente as prazas nas conexións ferroviarias con maior demanda e realicen os investimentos necesarios nas infraestruturas ferroviarias para garantir un servizo moderno e de calidade nas instalacións e nos trens.

- Que garanta que a provincia e a cidade de Lugo accedan en pé de igualdade co resto do territorio á Alta Velocidade e á intermodalidade, para o que se estima imprescindible a execución das variantes ferroviarias dos Peares-Canaval e Rubián.

- Que preste especial atención, debido á súa situación de precariedade na que se atopan, aos corredores ferroviarios de Coruña-Lugo-Monforte ou o Vigo-Ourense-Monforte evitando a perda progresiva de servizos, así como ás conexións entre Lugo e Madrid, e co País Vasco e Cataluña.

- Que garanta a supresión de todos os pasos a nivel comprometidos, desbloqueando as obras paralizadas nalgúns deles no Concello de Lugo, e a construción de accesos alternativos que favorezan a comunicación entre as marxes das vías de forma segura

- Que axilice o estudo de viabilidade dos proxectos para a conexión entre Lugo e Santiago por ferrocarril e impulse outro estudo de viabilidade para a conexión da liña entre Lugo-A Coruña coa Mariña lucense.

- Que dea cumprimento aos compromisos adquiridos na xuntanza celebrada o pasado xuño sobre a designación dun interlocutor para requirir información e explicacións sobre as constantes incidencias que se rexistran no transporte ferroviario en Galicia, a remisión do Plan director do Corredor Atlántico e a creación do grupo de traballo técnico entre Xunta e Goberno central para avanzar nos proxectos previstos e analizar as necesidades detectadas.

- Que reprobe ao ministro de Transportes e Mobilidade Sostible polas declaracións realizadas durante a súa comparecencia nas Cortes Xerais nas que, lonxe de asumir o caos do transportes ferroviario rexistrado durante este verán, asegurou que “o tren vive en España o mellor momento da súa historia”.

- Que se mellore a iluminación nos diferentes accesos á cidade, así como rotondas e demais puntos da súa titularidade para garantir a seguridade viaria.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|---|
| - Votos a favor: | 17 | dos Grupos Municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 8 | do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA** instar ao equipo de goberno a demandar ao Goberno de España:

- Que restableza e reforce os servizos ferroviarios que posibilitan a mobilidade dos galegos, tanto no interior coma co resto de España, en particular, recuperando as frecuencias suprimidas pola pandemia e adoptando as medidas necesarias para que a oferta dispoñible en conexións e horarios responda ás necesidades reais de cidadanía.

- Que incremente as prazas nas conexións ferroviarias con maior demanda e realicen os investimentos necesarios nas infraestruturas ferroviarias para garantir un servizo moderno e de calidade nas instalacións e nos trens.

- Que garanta que a provincia e a cidade de Lugo accedan en pé de igualdade co resto do territorio á Alta Velocidade e á intermodalidade, para o que se estima imprescindible a execución das variantes ferroviarias dos Peares-Canaval e Rubián.

- Que preste especial atención, debido á súa situación de precariedade na que se atopan, aos corredores ferroviarios de Coruña-Lugo-Monforte ou o Vigo-Ourense-Monforte evitando a perda progresiva de servizos, así como ás conexións entre Lugo e Madrid, e co País Vasco e Cataluña.

- Que garanta a supresión de todos os pasos a nivel comprometidos, desbloqueando as obras paralizadas nalgúns deles no Concello de Lugo, e a construción de accesos alternativos que favorezan a comunicación entre as marxes das vías de forma segura

- Que axilice o estudo de viabilidade dos proxectos para a conexión entre Lugo e Santiago por ferrocarril e impulse outro estudo de viabilidade para a conexión da liña entre Lugo-A Coruña coa Mariña lucense.

- Que dea cumprimento aos compromisos adquiridos na xuntanza celebrada o pasado xuño sobre a designación dun interlocutor para requirir información e explicacións sobre as constantes incidencias que se rexistran no transporte ferroviario en Galicia, a remisión do Plan director do Corredor Atlántico e a creación do grupo de traballo técnico entre Xunta e Goberno central para avanzar nos proxectos previstos e analizar as necesidades detectadas.

- Que reprobe ao ministro de Transportes e Mobilidade Sostible polas declaracións realizadas durante a súa comparecencia nas Cortes Xerais nas que, lonxe de asumir o caos do transportes ferroviario rexistrado durante este verán, asegurou que “o tren vive en España o mellor momento da súa historia”.

- Que se mellore a iluminación nos diferentes accesos á cidade, así como rotondas e demais puntos da súa titularidade para garantir a seguridade viaria.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Ten a palabra polo Grupo Municipal Popular, señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Grazas alcaldesa. Chama poderosamente a atención neste salón de plenos acusar á voceira do Partido Popular de falta de valentía ou agocharse nos debates cando temos unha alcaldesa que dende que é a alcaldesa non se atreveu a participar nun só debate de pleno, porque só se atreve a falar cando non ten quenda de réplica. Esa é a valentía de quen está falando. Consellos vendo que para min non teño. Fraco favor lle fai os seus concelleiros precisamente acusando a vostede de covardía política porque é o que está facendo neste salón de plenos.

75 quilómetros por hora. Saben que é esa velocidade? Esa era a velocidade á que circulaba un 600 nos anos 80 e en los años 70, e a velocidade na que baixa unha bicicleta de estradas cando baixas un porto de montaña, é unha velocidade a que se vaian nun scúter, máis ou menos, cando se vai un pouco rápido. Pois para o ministro Puente e para o Partido Socialista e para o BNG que o mantén no Goberno, é o tren de futuro para Lugo, de feito é ese que dicía o señor Puente no que ía vir ese tren do futuro, pois o tren do futuro, aquí, non vai ser un alvia nin un ave, senón que vai ser un tren vespino, porque a velocidade á que vai circular o tren entre Ourense e Lugo. Ese é o tren do futuro que aplaude o Partido Socialista e o BNG, que aplauden enfervorecidos, e polo cal lle dan premios ao ministro polo ben que nos trata. Pero vostedes realmente cren que é normal homenaxear a un señor que nos ten cortados dende hai tres anos a autovía, a A-6, a única que temos? Que é normal homenaxear un señor que nos ten sen a autovía A-54, paralizada a ritmo non vou a dicir de que? . A A-56 metida nun caixón, a A-72 e A-74 metida nun caixón de debaixo da A-56? e así poderíamos seguir, e todo co amparo do BNG, que aquí non poden eludir responsabilidades. Isto é un insulto á intelixencia, o que está facendo o Goberno central coa nosa provincia. Co Goberno de Mariano Rajoy, no 2018 anunciouse un proxecto de investimentos de 1600 millóns de euros para modernizar e actualizar a vía entre Lugo e Ourense, catro variantes entre elas Rubián, Peares, Canabal y Oural. Sen esas variantes non se pode ter a alta velocidade na nosa provincia porque o trazado é imposible que vaia a alta velocidade. Algo de física eu imaxino que saberán, e cando hai unas curvas moi cerradas evidentemente non se pode ir a alta velocidade. Ben, pois deses 1600 millóns de euros pasaron a 500 millóns de euros de investimento. Agora o único que están facendo é substituír o raíl, electrificando a vía, que é certo que tarde, mal e arrastro, pero estase facendo, iso é certo, pero os outros 1100 millóns de euros haberá que preguntarlle a Ábalos, a Koldo, a Puente, a Begoña, ou a calquera desa comparsa, ou ao número un, a ver onde van eses cartos. Pero nos seus pactos entre PSOE e BNG a realidade é que non modificaron os trazados, non se vai

poder incrementar a velocidade, e a velocidade máxima vaise alcanzar precisamente na variante de Pobra de San Xulián construída e remataba por un Goberno do Partido Popular...

A velocidade media vai a pasar de 63 a 75 quilómetros por hora. E, ollo, que non o digo eu, que o di un informe do Clúster de Función Logística de Galicia, onde se analizan todas as intervencións que se están acometendo a día de hoxe nas vías e se declara ou se informa claramente que todas teñen un impacto nulo ou mínimo sobre a velocidade de circulación. Que quere dicir isto? Que se nos imos as conclusións do informe, dise moi claramente que a velocidade máxima vai ser de 160 quilómetros por hora, na variante da Pobra de San Julián, e que a velocidade media pasará de 63 a 75 quilómetros por hora. Un tren vespino. Saben a canto vai entre Ourense e A Coruña? A media é de 131 o dobre? Pero para o señor Sánchez, Lugo non é importante. Polo tanto, impacto nulo sobre a velocidade, un tren vespino que será o que teñamos no noso Concello, e, mentres, vostedes dando premios aos ministros, pódennlle dar agora o Príncipe de Asturias de mobilidade. Alí, polo menos, si teñen AVE. Alí si que vai chegar o AVE. Ou pódennlle dar, se queren, tamén un Goya ao mellor actor, por dicirnos que vai vir un tren a 200 quilómetros por hora, cando a realidade é a que é, a triste realidade, E mentres seguimos sen frecuencias, seguimos suprimindo servizos, seguimos sen prazas nos trens, seguimos co cuarto atraso xa anunciado nas obras que se están acometendo agora, máis dun ano e medio de atrasos; seguimos sen ter conexión con Santiago e coa Mariña por ferrocarril; por certo, paralizouse a contratación do estudo de viabilidade; seguimos sen ter nin luz nas rotondas, por non ter, por non lle queren dar nin a luz e acender as luces; e seguimos, evidentemente, fóra do corredor atlántico de mercadorías e os señores do BNG aplaudindo, a ver que fan hoxe.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO:Moitas grazas, señor Ameijide. Ten a palabra don Rubén Arroxó.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas. Pois non é a primeira vez que o digo, pero non deixa de ser marabilloso que o Partido Popular estea na oposición do Goberno do Estado por unha razón: Que é que, polo menos neste Pleno municipal, cando o Partido Popular está na oposición no Goberno do Estado, se converte nunha especie de PNV galego que empeza a reivindicar cunha intensidade que non se lle ve nunca. Aquí, neste Pleno, cando pasa Pedrafita parece que cambia, que se queda absorbido xa por ese Ayusismo rancio, e xa cambia totalmente a perspectiva. É curioso porque, ademais, é que o Partido Popular, igual non o sabe, pero é que desta provincia de Lugo, que ten catro deputados, tres son do Partido Popular. E despois vemos cales son os resultados do que conseguen, saen de cando en vez en fotos, mandan notas de prensa, pero eu non sei realmente que rendibilidade trae para a provincia de Lugo eses 75% de escanos que ten o Partido Popular, porque, sen ir máis lonxe, o último acordo, que eu creo que ten bastante relevancia, porque é un primeiro paso, haberá que ver cómo evoluciona, que é conseguir que se inicie o estudo para unir Lugo con Santiago de Compostela a través de ferrocarril, conseguíuno un deputado da

provincia da Coruña, o señor Nestor Rego, porque ningún dos tres e deputados do Partido Popular foi capaz de chegar a negociar tan sequera isto. Eu creo que tamén é o momento de..., non foi capaz de, por certo, cando estaba o Partido Popular gobernando, estas cousas xa nin se tocaba, non se lle ocorría ao Partido Popular iniciar esa posibilidade de conexión baixo ningún concepto. Pero tamén é un momento de lembrar o infrafinanciamento que ten Galiza nos orzamentos xerais do Estado, que tamén nos leva a estas cuestións, non de agora, senón historicamente. Pero é que agora mesmo os galegos e galegas están pagando 5000 millóns de euros máis cada ano, 5000 millóns de euros máis cada ano do que acaba repercutindo despois nos orzamentos. Pero isto leva sendo así moitos anos, uns anos 3000 e pico, outros 4000 e pico, agora estámonos 5000 e pico. Isto quere dicir que co que pagan os galegos e galegas nun ano e non retorna a través dos orzamentos do Estado, o que queda alí, pois cun ano só teríase rematada a autovía Lugo-Santiago, a autovía Lugo-Ourense, a modernización da conexión Lugo-A Coruña, e posiblemente tamén chegaría para unha boa parte da conexión Lugo-Santiago e para unir Lugo coa alta velocidade, iso só coa partida dun ano, non imaxinemos xa o que pode ser de varios anos, pero, ben, historicamente eses cartos sempre foron para as radiais madrileñas, para os túneles de Madrid, etcétera, etcétera. De aí tamén a importancia de ter as chaves dos cartos. Ben, con respecto aos puntos que aparecen no acordo, nós estamos de acordo en todo, poderíamos incluso puntualizar algo máis, poderíamos engadir algo máis, pero no que é o espírito estamos de acordo. Pero tamén cremos que nun momento coma este, e cando se está falando de infraestruturas do Estado, o lóxico, e dígoos ademais con total honestidade, o lóxico sería que a Corporación enteira defenderse estas iniciativas. E aquí hai un punto que evidentemente, como é lóxico, o Partido Socialista supoño que non apoiará, despois o dirá, pero, claro, é que se se pide xa a reprobación dun ministro, evidentemente estámolo levando a un punto partidista máis que institucional, sen que a institución o pida. E non o digo porque a min me caía ben este señor, que nin moito menos, realmente me cae bastante mal, pero, a situación é que se reprobabamos ao ministro por estas declaracións que faremos, por exemplo, co señor Aznar, que construíu unha ponte e que os 20 anos está derrubada, que facemos con él? Se temos que reprobar o ministro simplemente por dicir que o tren está no seu mellor momento da historia, un presidente que constrúe unha ponte que aos 20 anos xa se veu abaixo, non sei que teríamos que facer, porque, en fin. Entón eu creo que podemos... nós imos votar a favor desta iniciativa, pero creo que o Partido Popular tamén se ten que posicionar aquí, se prefiren ver a toda a Corporación apoiando que Lugo teña infraestruturas, ou se prefire facer un xogo máis partidista, iso xa é decisión vosa.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, Señor Arroxó. Ten a palabra a voceira do Partido Socialista, Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas, señora alcaldesa. Pois si, a verdadeira motivación do Partido Popular nesta proposición é agochar,

que é o único que pretenden é reprobar o señor ministro. Polo tanto, nós faremos unha emenda *in voce*, non é *sotto voce*, como fan vostedes meténdoo no punto 7º a reprobación do ministro, cando concordamos na maior parte das peticións que se piden nesta proposición. Pero tamén eu creo que... fala vostede de distintas velocidades, ao mellor o que ten a marcha cambiala é o Partido Popular, señor Ameijide, porque nos sete anos últimos de goberno do Partido Popular non se incluíu e non existía o orzamento para todas as variantes e todo o que está pedindo aquí e que facían ou que afectaban a Lugo. A máxima aposta que fixo o Partido Popular foi a través do señor M. Rajoy, a través dun power point, que dicía, debía ser campaña electoral, que ían investir 283 millóns. É o efecto diso foi que a señora Pastor, Ana Pastor, ministra naquel entón, recortara 80 millóns para a partida da variante dos Peares que vostedes agora tanto tanto reclaman e, polo tanto non se fixo nin un só metro, nada, para traballar nas infraestruturas ferroviarias daquel momento, e ata a Feijóo marchouse da Xunta de Galicia, porque dixo: si, dende o Goberno do Estado non se fai nada, á Xunta de Galicia vai financiar e investir no ferrocarril, e imos pagar o AVE, díxoo o señor Feijóo e largou. Así que o Goberno central atópase cunha vía sen electrificar, e que é incompatible, por suposto, coa alta velocidade. Pero é que desde o ano 2018, o Estado está investindo para facer realidade esta demanda de todos e de todas, porque o lóxico é que vai mellorar as nosas infraestruturas e a nosa vida. Pero o PP novamente desinformando con eses malabares aos que sempre facemos mención, para ocultar a realidade, e voulle dicir cal é a realidade:

O Ministro de Transportes, aquel que vostedes queren e reprobar, está garantindo co seu investimento a chegada dos trens Avant a Lugo, no momento en que todas as obras de infraestrutura necesarias o permitan. Licitou a mellora do ferrocarril entre Lugo e Santiago, está próxima á licitación das cercanías galegas, a adquisición de 38 unidades de ancho métrico e 60 trens rexionais, ademais de incrementar un 74% as prazas. Pasos que se van dando, porque, como se dixo tamén, lévase moito tempo, practicamente nunca se apostou polo ferrocarril en Galicia. Esa parálise dos anteriores gobernos, ademais, agora recoméndolles hai unha reportaxe, dende o meu punto de vista, moi interesante na revista Línea Directa, ou algo así se chama, que lles recomendo que lean, porque ademais é totalmente neutral, e fala de todos os investimentos que se están facendo hoxe na Xunta, e ademais tamén coa colaboración das outras administracións. Vostedes non están vendo o que se está facendo en Lugo, que iso é un paso que creo que debemos loar e que haxa esa colaboración coas distintas administracións tamén é importante. Pero o Goberno está investindo máis de 2900 millóns directamente dende 2018 para esa renovación da liña Lugo-Ourense, empezando pola súa electrificación e mobilizando máis de 650 millóns de euros, que están xa en movemento, imos dicir así, estes cartos ao 95%. Así que, miren, o que verdadeiramente pretenden con esta proposición. Pasarei a ler a emenda na segunda intervención.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas. segunda quenda para o señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas. Agradézolle e agardo, de verdade, a valentía do señor Arroxo, porque o principal interesado en reprobar ao ministro debería ser o BNG, porque o BNG precisamente é un dos corresponsables dese pacto de goberno, porque fala aquí dos tres deputados desta provincia, do Partido Popular, pero aquí o deputado clave foi ese deputado do BNG que vendeu o seu voto por dous pactos, o de Ana e Adriana é o de Ana e María Jesús Montero, os actos que incumpriu o señor Sánchez de raíz. Por tanto, eu creo que os primeiros que deben ter interese en reprobalo, debería ser vostedes, e agardo que o cumpra, porque así o fixeron outras institucións, como a Deputación Provincial, tamén se reprobou no Parlamento galego ou no Senado. Por tanto, eu agardo esa valentía porque da man debemos ir todos para reivindicar futuro e comunicacións para Galicia, porque, como esperemos polo Partido Socialista, xa sabemos que non van a vir, porque, claro, votar aquí que se está facendo a intermodal, a primeira estación intermodal da historia sin trens, non vai haber trens. Sacar peito dun informe neutral. Miren, máis neutral xa este e aquí estánllelo dicindo que a velocidade de circulación media son 75 quilómetros por hora. Peso iso non é a alta velocidade, que iso é ir a ritmo de tartaruga. E non se lle ocorre a vostede citar vostede nesta intervención porque non ten valentía, dicir, que a alta velocidade vai vir a Lugo, porque sabe que non, porque sabe que vai chegar a Ourense, sabe que vai chegar a Pontevedra, a Vigo, a Coruña, a Santiago, a Asturias, a León, vai chegar a Ponferrada, vai chegar a Zamora, pero aquí non vai chegar porque o Partido Socialista a condenou. Báilanlle os datos tamén. primeiro, o importe, non foron 2000 e pico millóns, son algo máis de 500, as adxudicacións que van aquí, se quere relátollas, por tanto quítelle ou divida por cinco a cantidade que acaba de dar, e despois, claro, báilanlle outros datos máis, como falar de que non había un proxecto, claro, o proxecto presentouse no 2018 en maio, coas anualidades correspondentes para os vindeiros anos. Sabe que pasou? Que se presentou o 8 de maio na Subdelegación de Goberno e en xuño houbo unha moción de censura, e dende que chegou a moción de censura esas variantes e eses proxectos quedaron nun caixón; o que está debaixo da A-54, e o que está debaixo da A-56 e da A-72, e da autovía A-6, e de todas as obras que se nos deben á provincia de Lugo e que non temos. Nesas caixóns, ques son moitos, alí, é onde está a alta velocidade de Lugo, alí, por porque cando chegou o señor Sánchez despois desa moción de censura foi quen paralizou todo o proxecto. E mente cando di que o Goberno de Rajoy non fixo ningunha obra para a alta velocidade, porque a única variante que hai construída a día de hoxe está feita en Puebla de San Xulián, como ben sabe, terminada con gobernos do Partido Popular. Polo tanto non minta, non manipule e vaíamos todos da man, E claro que queremos reprobar ao ministro porque nos está insultando e vostedes mexan por nós e vostedes queren dicir que chove e aplauden, e van ao Pazo de Feiras a aplaudir.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Señor Ameijide. Ten a palabra o señor Arroxo.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Si, ben, a verdade é que, como dicía no punto anterior, nós estamos totalmente de acordo nestes puntos, e a verdade é que sorprende, eu non digo que o señor Ameijide non crea realmente nisto que pide, estou convencido ademais que cree nisto que realmente pide, pero o Partido Popular non. O Partido Popular non porque, a día de hoxe, está secuestrado puramente polo Ayusismo, no cal Feijóo non pinta absolutamente nada, non é que non pinte nada, é que xa o dixo a señora González Abelleira, que chegou incluso a prometer que ía facer no ano 2009, prometeuno aquí en Lugo nun mitin, no ano 2009, que ía facer el o AVE a Ourense. E tivo moitos anos para facelo e non o fixo. E a realidade é que por iso os tres deputados e deputadas da provincia de Lugo, do Partido Popular, que están alí no Congreso, pois non van intentar negociar absolutamente nada, cando poderían ter negociado, poderían, pero non o van a intentar, non o van intentar porque realmente a liña política que ten o Partido Popular é unha liña puramente centralista, secuestrado por ese fenómeno ayusistas que acaba de crearse hai uns poucos anos, que é Madrid, Madrid, Madrid, no teu salón, o de Galicia, Galicia, Galicia é a realidade, é Madrid, Madrid, Madrid. Aquí usaron o Galicia, Galicia... e en realidade é Madrid, Madrid, Madrid y así imos a seguir, seguiremos así os galegos e as galegas, seguiremos pagando os nosos impostos para que queden alí, como estamos a falar agora, 5000 millóns de euros nun ano, e poderíanse executar todas estas cuestións. Como dixeron, estamos de acordo en practicamente todo. Simplemente lamentamos que por unha cuestión partidista non se queira retirar iso, imos votar a favor igualmente. Pero tamén somos conscientes do que hai, de que o Partido Popular propón isto agora porque lle interesa, se estivese gobernando, no se acordaría absolutamente nada de Lugo, Somos plenamente conscientes. Moitas grazas.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Ten a palabra a concelleira do Partido Socialista.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Pois, señor Ameijide, a ver se cre no que di. E nós propoñemos unha emenda de substitución na que todos os puntos son exactamente iguais ao que vostedes propoñen, salvo o punto oito no que, se son valentes, propoñan unha reprobación...ía, porque isto non ten nada que ver con todas as peticións que fan na súa proposición, é un tema totalmente distinto, porque, como vostede sabe, os ministros van e veñen segundo a decisión popular, polo tanto, nós queremos que se faga todo o que o que propoñen na proposición, valla a redundancia, pero retirando ese punto que non vén a nada nesta proposta. É así, votaremos a favor do contrario, pois teremos que votar en contra.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas, alcaldesa. Señora Abelleira, se a valentía non a temos que acreditar nin demostrarnos nós, a valentía correspóndelle a vostedes. Mire, nós nesta proposición o único que pedimos son

frecuencias e ferrocarril, queremos máis viaxeiros, queremos alta velocidade porque estamos condenados a non tela, porque vai haber un tren a 75 quilómetros por hora, mentres noutros sitios vai a máis do dobre e case o triplo; queremos infraestruturas, queremos conectividade para a nosa provincia. Nós a valentía non a temos que demostrar, estámola acreditando con iso, e o Bloque Nacionalista Galego sospeito que tamén. A valentía sería a súa de votar hoxe a favor de isto, e en lugar de premiar a un ministro que no se está condenando ao estar illados en Galicia, sexan valentes e repróbeno como fixemos noutras administracións, e, se non, vostedes hoxe anteporán de novo os intereses do Partido Socialista, do ministro do señor Sánchez, por diante dos intereses dos galegos, concretamente dos veciños da provincia de Lugo, que seremos a única provincia de Galicia e da contorna que estaremos fóra da alta velocidade. Hoxe xa non se atreven a dicir nin vostedes que a alta velocidade vai achegar a Lugo, porque saben perfectamente que sería mentirnos, que sería enganarnos y que están traizoando a diario de forma constante aos veciños desta provincia. Nin sequera é capaz de aguantar la mirada, porque sabe que é verdade o que lle estou dicindo, sabe que é verdade, que é o que lle estou dicindo, sabe que se está acabando, que estamos quedando totalmente illados. Xa o estudo de viabilidade que se ía a facer quedou paralizado tamén, se é que a alta velocidade deixárona nun caixón no 2018, onde deixaron os proxectos das variantes necesarias para ela e vostedes e vostedes a paralizaron. Por tanto, valentía a min e aos meus compañeiros non nola pidan, pídolle eu a vostede, a alcaldesa e o resto do Partido Socialista, a ver se pintan algo en Madrid ou fan o que seguen facendo,

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:unha prerrogativa que eu teño de que poida intervir cando eu queira. Entón vólvolle dicir, vai ter que sufrila e asumila, pero es una prerrogativa que eu teño e pode utilizala. Eu non diría só ayusista a política que está facendo, senón unha política trumpista, totalmente, unha política absolutamente trumpista. Chegar a reprobación, que parece que lles gusta moito, a reprobación do ministro, se tiveramos que reprobar, como dicíamos, que reprobar a todos e cada un dos conselleiros... Estivemos falando do SAF, a concelleira de benestar. Cantos teríamos que reprobar. Entramos nun xogo estúpido, podo dicir que politicamente estúpido, porque estaríamos reprobándonos todo o tempo uns a outros, e, por iso digo, que esa é unha política un pouco rastreira, de falta de altura, de falta de altura, entendo que de falta de altura, porque entón estaríamos aquí todo o tempo reprobando uns a outros e non avanzariamos nada.

Tamén detecto que o día do veciño fixo pupa, pero pupa moi grande, cando era un día de veciños, un día bonito para o veciños, un día que tiñamos que ir a celebrar, non era un día político, era un día para ir a celebrar, pero, claro, a educación moitas veces falta, falta, pero o que si se detecta é que fixo moita pupa. Ben, entendo que non aceptan a, a emenda, polo tanto, imos votar.

14/181 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 368/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE AO

CONCELLO DE LUGO Á CREACIÓN DUNHA OFICINA DE MEDIACIÓN (Exp. 2024/G004/000723).- Vista a antedita proposición expresiva do seguinte:

“Con el objetivo de ser capaces de ofrecer a la ciudadanía las herramientas más eficaces y adecuadas para la resolución de conflictos, el Concello de Lugo debe situarse a la cabeza de los municipios de nuestro país.

Ante un posible conflicto con la Administración e incluso ante posibles controversias entre particulares que, sin estar estrictamente vinculadas a procedimientos o actuaciones administrativas, estén relacionadas con materias competencia del Concello de Lugo, debemos ofrecer ala ciudadanía nuevas fórmulas que permitan soluciones más ágiles, menos traumáticasy adaptadas al tiempo en el que vivimos.

La creación de una oficina de mediación en nuestro Concello constituiría situarlo a la cabeza de las ciudades que ya están dando pasos para ofrecer este servicio: una unidad administrativa cuya misiónes facilitar una resolución extrajudicial, eficaz y consensuada a las controversias, permitiendo a las partes involucradas resolver sus diferencias de manera pacífica y constructiva con el apoyo de profesionales en el sector, evitando asimismo la judicialización excesiva de los conflictos.

Sin duda, esta iniciativa transformadora situaría a nuestro Concello en la vanguardia, acercando la Administración a la ciudadanía y dotando de transparencia y celeridad a la resolución de conflictos. Igualmente, establecería un canal de comunicación efectivo entre el Concello y la comunidad, fortaleciendo la confianza en las instituciones y fomentando un mayor entendimiento.

Conforme a los principios inherentes a los procesos resolución de conflictos, la oficina de mediación podría asumir diversas funciones, como atender y promover la resolución de conflictos, coordinar la actividad mediadora en los distintos departamentos del Concello, difundir la cultura de la mediación, asesorar en la producción normativa, implementar sistemas de información o representar al Concello de Lugo en los foros del sector.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular presenta ante este pleno la siguiente PROPOSICIÓN:

Instar al gobierno municipal a que se den los primeros pasos para la creación de una oficina de mediación que pueda ofrecer a la ciudadanía vías idóneas para una resolución extrajudicial controversias de calidad a través de la mediación.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Pois quenda agora para o Partido Popular, cinco minutos,

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias. La mediación en España se encuentra regulada en la Ley 5/2012, del 6 de julio, de mediación en asuntos civiles y mercantiles. Es un proceso voluntario de gestión y resolución de conflictos mediante el cual las partes, con la ayuda de un mediador independiente y neutral, intentan llegar a un acuerdo con el que finalizar un conflicto. Es, por tanto, un instrumento eficaz para la resolución de controversias cuando el conflicto jurídico afecta a derechos subjetivos de carácter disponible. Y la figura del mediador es, de acuerdo con su conformación natural, la pieza esencial del modelo puesto que es quien ayuda para encontrar una solución dialogada e voluntariamente querida por las partes. Hay que decir que, a diferencia del arbitraje o la conciliación, en la mediación son las propias partes las que gestionan el proceso para alcanzar un acuerdo y poner fin a un conflicto. Su objetivo principal es buscar acuerdos mutuamente satisfactorios, evitar la confrontación y el desgaste que puede generar un litigio judicial. En relación con todo lo dicho, y con el fin de ser capaces de ofrecer á ciudadanía las herramientas más eficaces y adecuadas para la resolución de los conflictos, el Concello de Lugo debe situarse a la cabeza de los municipios de nuestro país, ante un posible conflicto con la Administración, incluso ante posibles controversias entre particulares, tienen que estar estrictamente vinculadas a procedimientos o actuaciones administrativas estén relacionados con materias competencia del Concello de Lugo, debemos ofrecer á ciudadanía nuevas fórmulas que permitan soluciones más ágiles, menos traumáticas y adaptadas al tiempo que vivimos. La creación de una oficina de mediación en nuestro Concello constituiría situarlo la cabeza de las ciudades que ya están dando pasos para ofrecer este servicio. Y eso es lo que venimos a proponer a este pleno la creación de una unidad administrativa cuya misión é facilitar una resolución extrajudicial eficaz y consensuada a las controversias, permitiendo a las partes involucradas resolver sus diferencias de manera pacífica y constructiva, con el apoyo de profesionales en el sector, y evitando asimismo la judicialización excesiva de los conflictos. Se trata, en definitiva, de un servicio dirigido a cualquier ciudadano interesado en la actuación o procedimiento administrativo en el que se haya producido una controversia o que pretenda la solución de controversias que, sin estar estrictamente vinculadas ao procedimiento de actuación administrativa municipales, estén relacionados con materias competencia de este Concello y dentro de la legalidad vigente. Sin duda esta iniciativa transformadora situaría a nuestro Concello en la vanguardia, acercando la Administración a la ciudadanía y dotando de transparencia y celeridad

en la resolución de conflictos. Igualmente, establecería un canal de comunicación efectiva ante el Concello y la comunidade, fortaleciendo la confianza en las instituciones y fomentando un maior entendimiento. Por todo ello, desde el Grupo Municipal del Partido Popular proponemos la creación de una oficina de mediación que pueda ofrecer á cidadanía vías idóneas para la resolución extrajudicial de controversias a través da mediación. Presentamos esta iniciativa para traballar por un Concello que escuche, que dialogue e que ofrezca solucións reais y efectivas para que non se repitan casos como exclusivamente estamos vivindo y para que toda a cidadanía se sienta apoiada en situacións de conflito. Queda patente case a diario que este Concello tiene mucho traballo por diante para converterse en una Administración colaboradora y aberta al diálogo. Gracias.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Quenda agora para a voceira do Goberno, cinco minutos.

DON CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Eu, cando lín o título da proposición de instar ao Goberno de Lugo a creación dunha oficina de mediación a priori parece que é moi interesante, o que pasa é que son dúas palabras que é moi complicado que na mesma frase teña cabida: propostas do Partido Popular e interesante, pois, a verdade, é que non non cadra moito, e non o digo con acritude, senón soamente botando un ollada a todas esas propostas que está tendo para esta cidade, pois vemos cal é o resultado das mesmas. Quero recordar, como non é prioritario o Plan Paradaí, cando se anunciou así que non era prioritario, cando foi a construción de vivendas nunha zona tensionada, a destrución do paseo do Rato, propoñer como localización para a nova comisaría de Policía unha zona denominada por vostedes como barrio da Residencia, movendo substancialmente os marcos deste barrio... e seguimos coas interesantes propostas que nos fai o Partido Popular para nosa cidade, como é o que acabamos de vivir agora, co Lugo que non quere cheiros tratando de instalar ou propoñendo a instalación dunha planta de biometano, que vemos os resultados que hai.

E, volvendo á proposta, na proposta trasladada falan desta oficina, que se establecerá un canal de comunicación efectivo entre o Concello e a comunidade, fortalecendo a confianza entre as institucións e fomentando un maior entendemento. E vemos que os problemas que realmente nós temos graves nesta cidade e neste Concello, como son coa a Xunta de Galicia, creo, que deberían de aplicar esta proposta e trasladala alí, creo que na Xunta de Galicia é onde si deberían facer esta oficina para crear una mediación y así e os veciños lucenses e os veciños de Lugo poidan resolver eses problemas que de verdade que son importantes e moi graves. Entón trasladaralles estas propostas para que así medien, e xa teño traballo para a creación desa oficina, como é a mediación para reducir os tempos de espera para acceder a unha residencia pública en Lugo, porque non sei se vostedes saben, pero unha persoa con grao tres ten ata o ano e medio para poder ter acceso a unha praza pública nunha residencia nesta cidade, iso si, sempre e cando esa persoa necesitada non teña máis de 3000 euros na súa conta, porque si te máis de 3000 euros na súa conta xa pasamos do ano e medio a

cinco anos, a pesar de que poida ter unha pensión de 700 euros. O tema é o aforro que poida que poida ter.

Seguimos coas mediacións, mediación para incrementar o investimento e a atención en saúde mental en atención primaria, dadas as alarmantes cifras de suicidios que temos, e a creación de programas específicos e equipos multidisciplinares para dar unha resposta integral. Mire, se, teñen traballo nesa Oficina de Mediación e imos seguir. Mediacións tamén para paralizar a bomba medioambiental que queren instalar vostedes en Palas de Rei, co tema do proxecto Altri. Mediación, tamén para reducir os tempos de espera para as axudas á dependencia; a media está máis dun ano no noso Concello, hai moitas persoas que están morrendo sen recibir esa atención e humillante cando as familias reciben esa concesión cando ese familiar xa está morto. Mediación para parar ese proxecto desta planta de biometano en Coeses; vimos como se posicionaron e como deron aquí a cara e vemos como cal é a vosa súa postura. Mediación para a construción de vivenda pública; xa levamos 15 anos esperando por elas. Mediación para que non sigan destruindo os nosos sectores produtivos, investimentos no sector primario para o 2025 está por debaixo do que tiñamos previsto para o ano 2009. Mediación para escoitar as familias ante a imposición da aposta da dixitalización do ensino e continuar co programa e-dixital, sete de cada dez familias rexeitan continuar con ese programa. Mediación para que non se reduzan nun 40% os orzamentos na normalización lingüística con respecto ao ano 2009, están acabando coa nosa lingua e aí temos as vergoñenta cifras das cales o Partido Popular é o único responsable. Mediación para reducir as listas de espera, non estamos nin sequera na media do Estado en ningunha das especialidades cirúrxicas, que mide o sistema de información sobre esta lista de espera do sistema estatal de saúde, no á dependencia e no seguir engordando a sanidade privada en detrimento da pública, 245 millóns nos custa aos galegos e ás galegas os concertos sanitarios coa sanidade privada, un incremento de nove millóns con respecto ao previsto neste ano 2024 e 22 millóns máis se os comparamos cos orzamentos do ano 2023. Mediación para non abrir os informativos das televisións estatais coas noticias que a recente volta ao cole en Galicia, as protestas marcaron o primeiro día de curso por los recortes en recursos e en profesoras e profesores. Continúo na seguinte.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas. Quenda de palabra para o señor Díaz.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Usted dice: la proposición es interesante. Es cierto, es interesante y aunque usted no considera graves los conflictos de los ciudadanos con el Concello, el resto de conflictos sí, y tiene usted razón: todas as administracións deben dar pasos para avanzar en la resolución consensuada y dialogada a sus conflictos, también la Xunta, también el Estado, todo tipo de administracións. Sin lugar a dudas, la mediación es una opción efectiva para resolver las disputas, ofrece un proceso colaborativo que, guiado por un mediador imparcial, busca alcanzar acuerdos mutuamente satisfactorios. Y está claro que en todas las administracións públicas, al igual que puede ocurrir en las

organizaciones privadas, existen conflictos y esta Administración no es ni mucho menos una excepción. Pero no es mi pretensión venir a este Pleno a recordar o hablar de los conflictos que este Concello tiene o ha tenido a lo largo de tiempo. Vengo a proponer la creación de una oficina de mediación precisamente para buscar la resolución de los mismos de una forma consensuada y amistosa que satisfaga los intereses de las partes. Precisamente porque considero la mediación como la opción efectiva en la resolución de conflictos. ¿Por qué? Porque permite reducir la litigiosidad y porque supone poner en práctica los principios de buena administración y transparencia que tiene que tener un Concello como el nuestro, y porque ofrece a los ciudadanos ser copartícipes en la toma de decisiones y en la resolución de los conflictos que les afectan, con el objetivo de ser capaces de ofrecer a la ciudadanía la vía más adecuada para gestionar su problema, es necesario ofrecer una vía consensual como la mediación, por que la mediación constituye el medio más adecuado de solución de controversias porque aporta calidad al Ayuntamiento y por que reportaría satisfacción al ciudadano. En definitiva, la creación de una oficina de mediación en nuestro Concello constituiría situar el mismo a la cabeza de las ciudades que ya han adoptado este servicio, cobrando grande importancia el poder llegar a que las razones de las partes puedan construir soluciones dialogadas en espacios compartidos. Insisto, porque así lo creo, las técnicas de mediación son efectivas. Técnicas como la comunicación asertiva y la escucha activa son habilidades que permiten a las partes expresar sus preocupaciones de manera clara y respetuosa y que además fomenta la comprensión mutua y la búsqueda de soluciones colaborativas. Por tanto, la creación de este órgano brindaría a las partes en conflicto la oportunidad de participar activamente en la búsqueda de soluciones que se ajusten a sus necesidades y circunstancias específicas, en lugar de depender de una decisión impuesta judicialmente. Muchas gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señor Díaz. Ten novamente a palabra a concelleira, a señora López.

DONA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Cando lín o texto da proposta que fixeron, vexo que é unha copia literal do argumentario da Oficina de Mediación creada no Concello de Madrid, salvo unha cousa, que meteron o do tema da comunidade, imaxino que a señora Ayuso, por algunha razón, non se quixo ver metida neste fregado e quixo que o Concello non a metera nesta historia, porque, claro, se seguimos analizando, se seguimos vendo o do Concello de Madrid, vemos como aí este convenio que asinaron co Instituto de Mediación e a Asociación Madrileña de Mediadores, e dixeran: imos a ver qué é, a ver que é isto. Ben, pois este instituto, que aparece como Instituto de Mediación e Asociación, ben, pois terá un carácter para traballar para a veciñanza do Concello de Madrid, para colaborar entre eles para servir dese Servizo de mediación e demais, ata que vemos no punto seis as tarifas que teñen estes señores: O 50-50. Iso é o que queremos? O que queremos para aquí é buscar alguén con que intereses, con intereses propios? Entón xa desde o

Concello de Lugo lle canalizamos os clientes así xa llo imos enviando. Iso é o que queren vostedes por aquí? Pois nós non. Sei queren vostedes poñer a oficina de mediación e lles parece tan interesante, lévena para a Xunta de Galicia, seguro que alí teñen sitio bastante e despois se establezan os chiringuitos que vostedes se estimen oportunos. Eu creo que o Concello de Lugo ten ferramentas para realizar calquera tipo de mediación. Temos unha escoita totalmente activa que era o que dicía, con todos os veciños e as veciñas da nosa cidade para poder canalizar todos aqueles problemas que teñan coa propia Administración municipal. Estamos a disposición deles, non necesitamos crear ningún tipo de chiringo e meterlle os clientes, irlle traballando os clientes a ningunha asociación, nin mediación, nin a empresa. Así que, xa lles digo, créeno vostedes na Xunta de Galicia, que o Concello xa leva moito tempo traballando niso e, xa lle digo, estamos ao servizo, non pode ser de outra maneira, dos veciños e das veciñas da nosa cidade.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Última quenda para o señor Díaz.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias. Claro que sí. Claro que el Concello de Madrid es el mejor ejemplo de lo que supone dar un paso como éste. Por supuesto que sí. Señora concejala, simplemente reitero que con la mediación ofreceríamos una administración más cercana y más transparente, una administración colaboradora y dialogante, una Administración que fomenta la confianza y la buena convivencia, una alternativa a la judicialización de los conflictos que tanto alarga su resolución. Añado, además, que una oficina de mediación podría asumir diversas funciones, además de atender y promover la resolución de conflictos, podría coordinar la actividad mediadora en los distintos departamentos del Concello, difundir la cultura de la mediación, asesorar en la producción normativa, implementar sistemas de información, o representar al Concello de Lugo en los foros del sector. Pero es evidente que lo primero es tener la voluntad de crearla. Muchas gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Pois, señor Díaz, está claro que non teñen moito coñecemento en que consiste a lei 5/2012, nin o Real decreto 980/2013, que desenvolven esa lei, nin o que significa o rexistro de mediadores, nin o que significa a titulación, o seguro de responsabilidade civil que ten que ter cada mediador e a formación continua que ten que ter cada mediador. O que está claro, como dicía a concelleira, se pretenden iso, insten a Xunta de Galicia. E espero que teñan mellor éxito, que tivo a oficina que fixeron para os desafiuzamentos e ás desocupacións, que era outro chiringuito que xa pecharon porque non funcionaba, evidentemente. En todo caso, hai que pensar na competencia desleal tamén. E, por suposto, non imos asumir competencias que non son nosas. Por iso, propóñalle á Xunta de Galicia que faga eses convenios, se tan necesarios os considera. E imos votar esta proposición.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

15/182 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2024/G004/000709).- En conformidade co informe do vicesecretario municipal accidental, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, dende o día 10 de setembro de 2024, coa numeración 8310/2024 a 9637/2024, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2024.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

16/183 DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, LOGO DA INCORPORACIÓN DO CONCELLEIRO DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ (2024/G004/000673).- Logo da incorporación ao Grupo Municipal do Partido Popular do concelleiro don Damián Carballo Méndez -segundo comunicación presentada o día 8 de outubro de 2024 no Rexistro de Pleno co número 340/2024- **DÁSELLE CONTA** ó Excmo. Concello Pleno da composición do Grupo Municipal do Partido Popular, manténdose o resto dos grupos sen variacións, quedando, en consecuencia, todos eles como a continuación se indica:

GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DA CORPORACIÓN DE LUGO.

DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

Data de presentación do escrito de constitución: 19 de xuño de 2023.

Número de rexistro xeral do Pleno: 118

Compoñentes:

Don Rubén Arroxo Fernández.

Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Don Alexandre Penas Roibás.

Dona María Cristina López Fernández.

Don Felipe Rivas Jorge.

Portavoz:

Don Rubén Arroxo Fernández.

Suplentes do portavoz:

Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.
Don Alexandre Penas Roibás.
Dona María Cristina López Fernández.
Don Felipe Rivas Jorge.

DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Data de presentación do escrito de constitución: 19 de xuño de 2023

Número de rexistro xeral do Pleno: 119

Compoñentes:

Dona Elena Candia López.
Dona Cristina Sanz Arias.
Don Antonio Ameijide Osorio.
Don Javier Vázquez Prado.
Dona Flora Rubinos Rois.
Dona Silvia Colmenero Guzmán.
Don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.
Don Agustín Gallego Vigo.
Dona Aurora Aida Goás Castro.
Don Gustavo Enrique Díaz Rey.
Dona María del Mar Carballas Piñeiro.
Don Damián Carballo Méndez.

Portavoz:

Dona Elena Candia López.

Portavoz suplente:

Dona Cristina Sanz Arias.

Portavoz adxunto:

Don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.

Portavoz adxunto suplente:

Don Antonio Ameijide Osorio

DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

Data de presentación do escrito de constitución: 21 de xuño de 2023

Número de rexistro xeral do Pleno: 120

Compoñentes:

Don Miguel Fernández Méndez.
Dona Mercedes Paula Alvarelllos Fondo.
Don Mauricio Víctorio Repetto Morbán.
Dona Ana María González Abelleira.
Don Jorge Bustos Atanasio.
Dona Olga López Racamonde.
Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.
Dona María de los Ángeles Novo Martínez.

Portavoz:

Dona Ana María González Abelleira.

Suplentes da portavoz:

Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

17/184 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2024.- En conformidade co previsto na Base 31 de Execución do Orzamento Xeral do exercicio 2024, remítese información ao Excmo. Concello Pleno, da situación económica do estado de execución orzamentaria correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2024, en base á información rendida ao Ministerio de Facenda e Función Pública mediante os formularios remitidos a través da plataforma OVEL, segundo anexo que obra no expediente.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

18/185 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2024.- En conformidade co previsto na Base 31 de Execución do Orzamento Xeral do exercicio 2024, remítese información ao Excmo. Concello Pleno, da situación económica do estado de execución orzamentaria correspondente ao segundo trimestre do exercicio 2024, en base á información rendida ao Ministerio de Facenda e Función Pública mediante os formularios remitidos a través da plataforma OVEL, segundo anexo que obra no expediente.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

19/186 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE SETEMBRO 2024.- En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de SETEMBRO de 2024, coa numeración 89/2024 a 99/2024.

Do 01 ao 30 de setembro de 2024 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2024/T030/000089	Recurso reposición MARÍA JOSÉ REAL LÓPEZ (Expte 2013EXP47003259)	2024/89	02/09/2024
2024/T030/000090	Recurso reposición providencia constrinximento MADERAS BUCOVINA (Multa 2020-B-00000136)	2024/90	03/09/2024
2024/T030/000091	Deixar sen efecto a providencia constrinximento MARÍA CRISTINA LÓPEZ EIMIL (nº recibo 11641400 IVTM/23)	2024/91	03/09/2024
2024/T030/000092	Deixar sen efecto providencia de constrinximento e dilixencia de embargo CARMEN ANA LONGONI MARTÍNEZ-ARNAUD (IVTM 2016-2023 Matrícula M7513-KU)	2024/92	04/09/2024
2024/T030/000093	Deixar sen efecto a providencia de constrinximento TALLERES ARMANDO SL nº recibo LU-1337-N do IVTM/23	2024/93	06/09/2024
2024/T030/000094	Recurso reposición requirimento de pago débeda DACARPA GESTIÓN PATRIMONIAL SL Expte.47010000054616	2024/94	09/09/2024
2024/T030/000095	Recurso reposición requirimento de pago débeda DACARPA GESTIÓN PATRIMONIAL SL Expte.47010000054662	2024/95	10/09/2024
2024/T030/000096	Recurso reposición dilixencia embargo MARCOS ANTONIO PRADO FANDIÑO (Expte 2023EXP47001765)	2024/96	11/09/2024
2024/T030/000097	Recurso reposición dilixencia embargo RAMIRO LÓPEZ LÓPEZ (Expte 2023EXP47003366)	2024/97	17/09/2024
2024/T030/000098	Recurso reposición dilixencia de constrinximento YURI TATIANA LEÓN VALENCIA liquidación nº 11344980 IVTM/22	2024/98	24/09/2024
2024/T030/000099	Recurso reposición presentado por JUAN CARLOS LAGE RÍO en calidade de herdeiro de ROBERTO ANTONIO LAGE PRADO HY recibo nº 11825557	2024/99	25/09/2024

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Durante a quenda de Rogos e Preguntas, abandonan a sesión DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA e DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ.

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 369/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS VIVENDAS DA CONTORNA DO CASTRO DA CROA.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Foi no ano 1992 cando, gobernando o Partido Popular do Concello de Lugo, elaborouse un proxecto para a mellora das condicións de habitabilidade das vivendas.

Este plan deu lugar a 15 vivendas na contorna do Castro da Croa e no ano 1995 concedeuse a licenza que permitiu a execución das mesmas.

Despois de múltiples promesas incumplidas, especialmente en período electoral, os propietarios das vivendas seguen sen poder dispoñer das escrituras que lles da a súa titularidade a pesar de que no pleno de maio D. Jorge Bustos afirmaba que as escrituras estaban pendentes da actualización do proxecto e da corrección final das mesmas co notario.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un **ROGO a PLENO** para que se realice á maior brevidade posible a tramitación final das escrituras e se de solución á situación de incertidume na que se atopan os veciños deste barrio.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Todos coñecemos que foi xa no ano 92 cando un Goberno do Partido Popular elaborou un proxecto para a mellora das condicións de habitabilidade das vivendas dos lucenses. Este plan deu lugar a 15 vivendas na contorna do Castro da Croa e no n 95 concedeuse licenza para permitir a execución das mesmas. Moitas foron as promesas incumplidas, normalmente intensifícase cando se acerca una cita electora, de entregar os títulos de propiedade aos veciños e veciñas que viven nestas vivendas, pero a realidade que hoxe aínda seguen sen dispoñer das escrituras. Este grupo tróuxoo a Pleno en moitísimas ocasións, que sería imposible enumerar todas no curto tempo que teño neste apartado, pero si me gustaría levar o compromiso que adquiriu o Sr. don Jorge Bustos, que afirmaba que estaba pendente dunha actualización do proxecto e da corrección final das mesmas co notario. Como a marcha é lenta e, como sempre,

nós temos a obriga de que non quede no esquecemento, porque son moitísimos anos e as incertezas e a preocupación dos propietarios aumentan, toda vez que non se cumpren os compromisos adquiridos con eles mesmos, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta o rogo en Pleno para que se realicen na maior brevidade posible esa tramitación final das escrituras e se dea carpetazo e solución á situación de incertidume no que se atopan os veciños e veciñas deste barrio.

A argumentación é a mesma, a preocupación tamén, o que non entendemos, e a inacción do Goberno, e moi especialmente a lentitude, a lentitude que hai que dicir que nos últimos meses avanzou dunha maneira moi, moi preocupante. Entón, a nosa obriga é seguir ao lado de aqueles veciños e veciñas que teñen un problema sen resolver, que teñen unha expectativa sen cumprir, que teñen un compromiso adquirido polo Goberno sen atender. E traémolo, por suposto, ao Pleno as veces que faga falta ata que sexa unha realidade, e aquí tampouco vai valer, pois nin unha foto no Facebook, nin unha foto en Twitter, nin en ningunha rede social, o único que vai valer é que efectivamente se entreguen as escrituras de propiedade, e non nos cansaremos, por suposto, de intensificar a petición porque é absolutamente de xustiza e os veciños o merecen.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas. Mauricio Repetto polo Goberno.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Tomase en consideración este ruego. Evidentemente, para este equipo de Goberno es una prioridad esta situación de estas viviendas, y estamos a la espera de la entrega por parte del notario de esa documentación para seguir avanzando y rematar por fin el trámite que se ha iniciado.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 370/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE DIVERSOS ARRANXOS NA ZONA DO CEAO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Nas visitas que o Grupo Municipal do Partido Popular está a facer polos diferentes barrios da cidade, os veciños trasladannos as súas demandas. Nos últimos días, veciños e empresarios da zona do Ceao fannos chegar as súas demandas que trasladamos mediante un ROGO a PLENO:

- . Renovación das tubaxes da rede de subministro de auga
- . Arranxo das vías que presentan numerosas fochancas
- . Retomar medidas para dar fluidez ao tráfico tras descartar a turborrotonda

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas, alcaldesa. Recordaremos todos, por desgraza, o 11 de abril do 21, que nos despertamos moi cedo un fin de semana co maior incendio que se recorda no Polígono do Ceao, e os que fomos ata alí, a maioría dos que estamos hoxe aquí, ou os que estabamos por aquel momento, vimos a realidade, a crueldade do incendio, os danos que estaba xerando e vimos os problemas que se estaban atopando os bombeiros tamén coa presión da auga. Tres anos despois segue todo exactamente igual; tres anos despois segue sen haber presión, seguen sen ... necesarias, de acordo cos informes de Enxeñería deste Concello, de substitución da rede de fibrocemento, porque con esa rede actual non se pode incrementar a presión da auga porque rebentarían todas as tuberías, tal cal indican os informes e non se acometeu a substitución de ningún punto desas tuberías de fibrocemento. Por tanto, seguimos no medio desa situación. Volveu a haber, por desgraza, máis incendios e a situación segue sendo a mesma, e esta é unha das principais demandas do polígono industrial, non nosa, senón da Asociación Empresarios do polígono.

O mantemento tamén é cando menos cuestionable, porque podíamos recordar o incendio, pero podemos recordar tamén o estado de mantemento dos viarios do polígono do Ceao, e a realidade é esta, en canto caen catro cotas, balsas de auga, pero, se non chove, vemos que hai blandóns, socavóns por todos lados, as zonas verdes abandonadas, non hai nin marquesiñas e, en definitiva, a imaxe é bastante bastante mala para as empresas da nosa cidade.

Se falamos de seguridade viaria, as rotondas están sendo un problema constante, tiñan aí unhas sinais tapadas cunha lona dende fai uns seis oito anos, ían a ser unhas turbo-rotondas que saíron na portada do Progreso un día, pero a lona segue alí, non sabemos moi ben que é o van a facer, se pensan acometer algunha mellora na seguridade viaria e, sobre todo, na fluidez do tráfico do polígono. Por tanto, concretando, turbo-rotondas, a parte, seguridade viaria; a parte, marquesiñas, brandóns, baches e demais. Só con este rogo recordarlles que o polígono do Ceao é un dos polígonos da nosa cidade, que é titularidade do Concello, que o teñen, non vou dicir que moi abandonado, pero bastante abandonado, que non o dicimos nós, que o din os empresarios, á xente que vai por alí a diario, os autónomos, os empregados desas naves e os que imos de vez en cuando a facer recados o a adquirir consumibles ou levar cousas ao polígono. E, en definitiva, que lles pedimos unhas condicións dignas para as empresas e para os autónomos que arriscan e que deciden quedarse na nosa provincia emprendendo ou investindo. É que non é de recibo que o polígono principal da nosa cidade estea nese estado de bastante abandono. Por tanto, lle pedimos un pouco de investimento, como digo, en abastecemento, en saneamento, en arranxo de vías e en dar fluidez ao tráfico. Turbo-rotondas decidan tamén o que van facer con ela...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señor Ameijide. Ten a palabra polo Goberno Alexandre Penas.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Moitas grazas, alcaldesa. En canto ao que é a rede de abastecemento, eu creo que neste Pleno xa saíu este tema varias veces, nese punto e outros puntos, e incluso se explicou, creo que moi detalladamente, a planificación que se ten dende o Goberno, dende a área pertinente, e cal sería a maneira de melloralas, porque moitas hai que melloralas ao longo da cidade, e é unha planificación que, dende logo, porque os recursos son finitos, sempre están vinculadas ás dispoñibilidades orzamentarias, pero si que está, digamos, planificado e tanto nesa área como noutras para ir renovando segundo esas posibilidades.

Saíu neste Pleno e volverá a saír e haberá que volvelo a dicir que os lucenses estamos pagando un canon da auga durante todos estes anos e que dende a Xunta de Galiza, que é quen recibe -a Facenda galega- eses cartos, inviste cero en Lugo, Entón, ben, é bastante hipócrita por parte do mesmo partido que sustenta esa posición na Xunta de Galiza traer aquí este tema cando xa o temos perfectamente analizado a nivel técnico e se sabe o que se ten que facer nesa área.

En cuanto ao amañado de vías, podemos dicir que cando se detecta por calquera vía: polo 010, por correo dos empresarios do Ceao, calquera fochanca, calquera, calquera bache, soluciónase, creo, que nun tempo bastante razoable. De feito temos bastantes correos agradecendo premura coa que traballa dente esta área, que neste caso teño a responsabilidade de levar. Sería estupendo, por exemplo, que as liñas que hai desde a Xunta de Galiza para mellorar polígonos industriais o Concello de Lugo non quedará tacitamente fóra delas, porque é certo, vostedes len bases desas áreas e é imposible que o Concello de Lugo poida acceder e sempre o ten que facer con fondos propios. Iso por falar do polígono do Ceao, e así o facemos, case todos os anos intentamos meter algunha partida para ir mellorando todo o que se pode nese polígono desde fondos propios do Concello e con cero euros da Xunta de Galicia, xa sexa polo canon da auga, xa sexa polas axudas que outros concellos si que teñen acceso y que no nos deixan fóra, como digo, tacitamente.

E logo tamén sería de agradecer, como xa o temos sacado noutras ocasións, o tema, por exemplo, do polígono das Gándaras, que cando a Xunta cede e fai algún tipo de obra como foi o polígono das Gándaras que non teña que ir ao Concello despois detrás para mellorar esa infraestrutura. Esta última que se recibiu no Concello de Lugo, os mesmos veciños da zona pedían que se fixera unha rotonda cando acababa de recibilo o Concello de Lugo por parte da Xunta de Galicia, incluso tivo que investir fondos propios, porque tampouco podemos acceder a esas axudas, como xa se dixo, para mellorar e que os empresarios puidieran facer o seu traballo con dignidade neses polígonos. Por lo tanto, tómase en consideración, seguiremos traballando, creo que o facemos dunha maneira rigurosa e que dentro

das posibilidades do Concello de Lugo, pois estará na nosa obriga e así o seguiremos facendo. Moitas grazas.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, Señor Penas. O que si teño que dicir é que eu fun e vou a varias reunións coa Asociación de Veciños ou Ceao e das Gándaras polo famoso incendios, señor Ameijide, e o que quedou claro é que non foi un problema de presión de agua, e asíi está nos informes dos técnicos municipais e, por suposto, está "sub iudice", e o dirá o xulgado. O que si quedou claro nos informes é que os empresarios tamén teñen que cumprir as súas obrigacións, e ter os aljibes que a ley lles exige. Polo tanto, si que hai reunións, conmigo concretamente e a asociacións de empresarios do Ceao e As Gándaras, e tamén, a petición deles mesmos mandouse aos técnicos municipais de distintos ámbitos para que informaran a todos e cada un dos empresarios das súas obrigacións. E así se fixo, por suposto, con total colaboración e intentando mellorar todas as infraestruturas na medida que se poida. E volvo a repetir, a ver se temos a sorte de que a base de repetilo nos veña algunha vez esa parte do canon da auga que está a recaudar a Xunta de Galicia.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 371/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A APROBACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓN NA PARROQUIA DE COESES.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Con data 13 de febreiro de 2019 representantes da Comunidade de Montes en Mancomún de Lamablanca en Coeses presentaban por rexistro a solicitude para a aprobación do plan especial de dotacións que incluía o cemiterio en A Portanova (parroquia de Coeses).

A día de hoxe seguen á espera dos permisos para executar as obras.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o **PLENO** un **ROGO** para que se autorice unha obra que resulta prioritaria para os veciños de Coeses.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular. Señora Flora.

DONA FLORA RUBINOS ROIS: O 13 de febreiro do 2019, representantes da Comunidade de Montes en Man Común de Lamablanca rexistraron unha solicitude para a aprobación do plan especial de dotacións no cemiterio da Portanova parroquia de Coeses, adxuntando a documentación pertinente - apor to a copia do documento do rexistro-. Hoxe a 4 de novembro de 2024, ou sexa cinco anos e oito meses despois, os veciños seguen agardando polos permisos para executar as obras. Xa é habitual que os prazos para autorizar as obras no rural sexan aínda

máis longos que os longos prazos cos que autorizan as obras na cidade. É por iso presentamos este rogo para que axilicen este asunto na maior brevidade posible, pois non é de recibo que leve este asunto parado tanto tempo sendo como é de interese común, non persoal. Gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra, polo Goberno, Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, trasladarase o rogo ao servizo correspondente da Administración. Como vostede ben sabe, segundo as normas de procedemento administrativo, nunca está parado un procedemento administrativo, porque, en todo caso, estará na fase que lle corresponde. Por que presente a folia de rexistro, non significa o impulso obrigatorio para toda a Administración e, polo tanto, estaránselles requirindo ou non, descoñezo, pero dende logo que paralizado non está e cando teña todos os documentos necesarios, a resolución será... Grazas por atender..., non lle interesa.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 372/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA HABILITAR UN SISTEMA DE RECOLLIDA DE LIXO, ALTERNATIVO AO QUE HABÍA NA PARROQUIA DE GONDAR, XUNTO A IGREXA E AO LOCAL SOCIAL.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Co cambio do servizo de recollida de lixo procedeuse, para dar cumprimento ao prego, ao cambio de colectores. Na parroquia de Gondar o goberno procedeu á supresión dos puntos de recollida de lixo xunto á Igrexa e o local social.

Tras xustificar que a recollida nestes puntos non procedía porque non permite o acceso do camión de carga lateral, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta un **ROGO** a **PLENO** para que se proceda a habilitar un sistema de recollida alternativo que permita manter os colectores de lixo que había nos puntos indicados, xa que a medida adoptada perxudica a moitos residentes da zona que se ven obrigados a trasladar o lixo a puntos lonxanos ás súas vivendas, incluso noutras parroquias.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Polo Partido Popular. Señora Rubinos, novamente.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4483608742713237047.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

DONA FLORA RUBINOS ROIS: Co cambio do servizo de recollida do lixo procedeu-se ao cambio de colectores e na parroquia de Gondar procedeu-se á supresión dos puntos de recollida de lixo a carón a Igrexa e do local social. Non deixa de ser curioso que, tras duplicar o custo do contrato do lixo, teoricamente para dar mellor servizo, na práctica moitos veciños de Gondar vexan que carecen do dito servizo a carón dos seus fogares. Presentamos este rogo para que aporten solucións ao problema, por exemplo, ofertando aos veciños de Gondar unha solución como a que vostedes mesmos ofreceron aos veciños de Burozos, onde empezaron contando o mesmo que en Gondar, pero acabaron por darlles unha solución. Gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señora Rubinos. Ten a palabra Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Se non lle interesan ás explicacións e non hai obriga de contestar os rogos, traslado este rogo ao servizo correspondente.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 373/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A 4ª QUEDADA MOTORISTA DO SAN FROILÁN 2024.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O 29 de setembro de 2024 organizábase en Lugo a 4ª quedada motorista San Froilán no polideportivo do Insitituto Politécnico. Os organizadores deste evento tiñan solicitada a Praza de Abastos pero un decreto asinado por María Cristina López Fernández o día 5 de setembro denegaba esta posibilidade.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta as seguintes **PREGUNTAS** ante o **PLENO**:

Cal foi o motivo de dita negativa por parte do Goberno?

Que características deben reunir os eventos que se autoricen nestas instalacións?

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Polo Partido Popular, don Damián Carballo.

DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ: O 29 de setembro de 2024 organizábase en Lugo a 4ª quedada Motoristas San Froilán no polideportivo do Instituto Politécnico. Os organizadores deste evento tiñan solicitada a Praza de Abastos, pero un decreto asinado por María Cristina López Fernández o día 5 de setembro denegaba esta posibilidade. O Grupo Municipal do Partido Popular presenta as seguintes preguntas ante o Pleno? Cal foi o motivo de dita negativa por parte do Goberno? Que características debe reunir os eventos que se autoricen nestas instalacións? Gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Carballo. Ten a palabra, dona Cristina López.

DONA CRISTINA LÓPEZ FERÁNDEZ: Pois esta pregunta eu creo que lla debería de trasladar á señora Candia, que seguramente si lle poida responder, e dígolle por qué. O que non se pode facer é presentar unha solicitude...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: .. perdón, non se pode intervir...

DONA CRISTINA LÓPEZ FERÁNDEZ: ... O que non se pode presentar ou facer a estes organizadores como que se lle vai facer o trámite de petición do uso da Praza de Abastos e se vain facer cousas que son imposibles de autorizar. Iso é o que non se pode facer. O que non se lle pode facer é manipular á xente, enganala para outros fins, como para dar un mitin político. A verdade é que hai moitísima xente moi enfadada, moi, moi enfadada cando se atopou alí enganada, enganada porque o único que se fixo foi manipularlos cunha solicitude que non se podía autorizar, porque no se podían autorizar, e tiveron sorte, tiveron sorte de poder dar a volta á Muralla, porque nesa solicitude non a pediron dala por arriba, porque se non, este Goberno tamén lla tería que denegar, foi no que non caeron. Entón o que se fai é manipular, entendes? Preséntanse solicitudes que non son autorizables, e logo despois á xente cóntaselle outras películas, para que? Para manipular e dar un mitin político. A verdade é que hai un cabreo muy importante entre a xente asistente a esa comida, porque no vivan para iso, foron manipulados para poder asistir a un mitin político co que moita xente da que estaba alí estaba, asegúrolle, pero asegúrolle porque tiña familiares, que non estaban para iso. Entón, espero que isto no sexa, que esta xente se acerque aos servizos, que se achegue ás distintas áreas cando quere organizar algo dentro do Goberno, porque estamos totalmente abertos, as distintas áreas, a poder aceptar calquera tipo de petición y así o facemos, calquera tipo de entidade, asociación que veña xunto nós, que non utilice intermediarios, porque cos intermediarios o que sucede en moitos casos e que os fins que buscan son outros que non é a agrupación, que a xentes se xunte, que o

pase ben e que busque estes sitios para poder facer este tipo de actividades. Este é o gravísimo problema. Así que convido a todas as asociacións e aquelas persoas e entidades públicas ou privadas que queiran facer algo en calquera instalación, que se acerquen aos servizos, que non utilicen intermediarios, porque nós estamos abertos a poder facer calquera dela sempre e cando o que soliciten sexa autorizable. Así que o repito, e espero que os organizadores sigan coa 5ª quedada, que non sexan manipulados, que non se deixen utilizar y que se acerquen ao servizo, que o Servizo de Participación estará aberto a calquera tipo de proposta que eles fagan, propostas que, non pode ser doutro modo, teñen que ser propostas autorizables.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas. Continuamos

B) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 374/2024 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVAS AO MODELO DE XESTIÓN DO CENTRO CULTURAL AUDITORIO DE MAGOI.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

No pasado mes de outubro o Grupo Municipal do Partido Popular presentaba ante este Pleno una proposición reivindicando a apertura inmediata e a posta en funcionamento do Centro Cultural Auditorio de Magoi.

Durante o debate da moción, o Goberno municipal manifestou a súa intención de inaugurar o edificio no mes de decembro pero nada concretou sobre cal sería o modelo previsto para a súa xestión posterior.

Os medios de comunicación informaban hai uns días, que o auditorio ía ser inaugurado con dous Concertos de Navidade previstos en dúas sesións, unha o día 20 de decembro e outra o 22.

Unha vez esclarecida a data de inauguración, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o **PLENO**, as seguinte **PREGUNTA**:

Ten xa Concello de Lugo concretado o modelo de xestión? Cal é?

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Polo Partido Popular, Silvia Colmenero.

DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN: Muchas gracias, señora alcaldesa, muy buenos días a todos. Me sumo al sentimiento de consternación y a las condolencias expresadas ya en este Pleno por la catástrofe de la DANA.

Señores concejales del PSOE y del BNG, sabemos ya por la prensa cual va a ser la fecha de apertura del nuevo auditorio municipal de Magoi, 20 y 22 de diciembre. Anuncio que, por cierto, desde este grupo aplaudimos y celebramos, más vale tarde que nunca. Decía que conocida ya esta fecha, son muchas todavía las preguntas

que sobre este edificio se han quedado en el tintero sin respuesta, y no será porque este grupo municipal no las haya formulado, ya que mes tras mes, durante más dun año hemos estado queriendo saber que fue lo que ocorreu con este edificio y solicitado su puesta en marcha. Tal es así que estamos convencidos de que, si no fuese por nuestra insistencia y perseverancia, si no fuese por nuestra presión tanto aquí como en la calle, a día de hoy ustedes no habrían puesto todavía fecha para a súa apertura. A menos de dos meses de su inauguración, seguimos sin saber que pasara, que vendrá después de este espectáculo inaugural, nunca visto, que tienen previsto celebrar en diciembre. Ante este silencio, ante la falta de concreción por parte del Gobierno local, tememos que pasado el 22 de diciembre el anuncio, el titular de prensa de hoy se abre el auditorio, se convierta en hoy se cierra el auditorio. Por ello, ejerciendo nuestra labor de oposición responsable y con ánimo y esperanza de que nos digan que no, que tienen un plan más allá del 22 de diciembre, formulamos ante este pleno la siguiente pregunta: ¿Tienen ya decidido y definido el modelo de gestión del centro cultural del auditorio de Magoi? Será pública, privada o mixta? Les ruego seriedad, respeto y rigor en la respuesta. Muchas gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO:Moitas grazas. Ten a palabra conselleira de Cultura, Maite Ferreiro.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Moi bo día. Ben, tamén pido seriedade, respecto, e non sei que outra cosa dixo, e rigor. Pódolle confirmar que esa xestión vai ser unha xestión pública e vaino xestionar o Concello directamente. Moitísimas grazas.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO:Moitas grazas. Continuamos.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 375/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE DIVERSAS CUESTIÓNS RELATIVAS Á ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL GREGORIO SANZ.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Dende o curso 2014/2015 a Escola Infantil Gregorio Sanz arrastra un conflito laboral que se agravou no ano 2019 cando a Concelleira responsable de persoal, a actual Alcaldesa, enviouno á fiscalía.

O 22 de xullo de 2022 o Comité de avaliación de Acoso Laboral emitiu un informe no que se propoñen varias medidas para resolver o conflito e llas remite o órgano municipal competente e á delegada de persoal, Paula Alvarellos, para que adopte a resolución que corresponda no prazo de 10 días. As medidas nunca se chegan a materializar e nin tan sequera se fixo un protocolo de acoso tal e como se recomendaba.

O goberno local, responsable de mediar nesta situación e que tiña toda a información e os mecanismos posibles, limitouse a firmar un decreto o 16 de setembro de 2022 como medida preventiva para resolver o conflito, decreto que nunca se chegou a facer efectivo.

Dende esa data nin fixeron seguimento nin actuaron para tratar de darlle solución, pese a ser solicitado en reiteradas ocasións por parte da Escola.

O resultado da deixadez do goberno local foi que o 09/10/2024, poucas semanas despois do inicio do curso e cando as familias xa pasaran o período de adaptación dos seus fillos de entre 0 a 3 anos, agravouse o conflito laboral poñendo en risco a tranquilidade dos usuarios, improvisando solucións e sen dar información as familias.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, as seguintes **PREGUNTAS** ante o **PLENO**:

1. Por qué non se cumpriu o acordo do Comité de Acoso?
2. Qué medidas levou a cabo o Goberno Local para paliar o conflito?

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Polo Partido Popular, señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Gracias. A mi, al igual que a mi compañero, me sorprende que en este pleno la señora alcaldesa hable de esconderse cuando estuvo desaparecida en todo el conflicto de la escuela infantil Gregorio Sanz. Lamentamos que por parte de este bigobierno no se estén dando las explicaciones oportunas ni de lo que pasó ni de lo que va a pasar. Creemos que es necesario, y además es su obligación. No tendría que ser el grupo Municipal del Partido Popular quien pidiese la solicitud de comparecencia, si no que tendría que ser el propio Gobierno quien saliera a dar explicaciones. Para las familias significa mucho que se les escuche y se les atienda. Lo necesitaban para estar tranquilas, pero una vez más este bigobierno les a la espalda ni les escucha, ni les atiende ni les contesta. Creemos que tanto el PSOE como el BNG tendrían que haber tomado la iniciativa y dar la cara, pero en vez de hacerlo, insisto, decidieron esconderse. Gobernar es decidir, es dar la cara, es estar en las duras y en las maduras. En este conflicto no estuvieron a la altura, A lo mejor para ustedes sí, pero para las familias no lo estuvieron. Tenemos que retroceder al curso 2014-2015, hace 10 años, para ir al inicio del conflicto laboral de la escuela Infantil Gregorio Sanz, que se agravó el en el año 2019, cuando la que era entonces concejala responsable de Persoal y actual alcaldesa lo envió a Fiscalía. El 22 de julio de 2022 el, Comité de avaliación del acoso laboral, tras analizar la situación que se estaba viviendo en la escuela emitió un informe proponiendo medidas a corto, medio y largo plazo para resolver el conflicto. Se la remite al órgano municipal competente y a la delegada de personal, la señora Alvarellos, para que se adopte la resolución que corresponda en el plazo de 10 días, pero ni en día 10 días ni en dos años, las medidas no llegaron, ni tan

siquiera se hizo el protocolo de acoso, tal y como se recomendaba. El Gobierno local, responsable de mediar y que tenía toda la información y los mecanismos, se limitó a firmar un decreto de cambio centro de trabajo de dos trabajadoras que no se llegó a hacer efectivo. Desde esa fecha ni hicieron seguimiento, ni actuaron para tratar de darle solución, pese a haber sido solicitado en reiteradas ocasiones. El resultado que el 9 de octubre del 2024, cuando las familias acaban de pasar el periodo de actuación, se agravó el conflicto con el desenlace que todos sabemos: improvisar.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:Grazas, señora Carballas. Acabou o seu tempo. Ten a palabra a concelleira dona Maite Ferreiro.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Mire, señora Carballos, dende logo a súa intervención nin é sería, nin é respectuosa e moito menos ten rigor. E voulle explicar por qué. As medidas propostas polo comité de acoso determináronse como un informe de carácter preceptivo, non vinculante, como ten que ser. Aínda así, o equipo de goberno, a través da área de persoal, e despois do estudo e valoración propúxoselle por un lado o decreto de cambio do posto de traballo, que foi notificado ás partes interesadas, e, por outro lado, iniciouse un expediente disciplinario. Como ben vostede debe saber, estas dúas medidas quedaron en suspenso, non por falta de interese deste Goberno, senón porque había unha situación de baixa por incapacidade temporal da interesada. Espero que isto dea resposta a primeira pregunta, sigo coa segunda: ¿Que medidas levou a cabo o Goberno local para paliar o conflito? En canto se tivo coñecemento da incorporación desa traballadora a súa actividade laboral, tamén nese momento houbo a baixa por parte do persoal desta escola infantil, dicir que os nenos e as nenas estiveron en todo momento atendidos, cunha atención impecable por parte de profesionais e sempre baixo a coordinación da directora que tiña as familias e tivo as familias permanentemente informadas. Ben, a medida que se tomou foi como prioridade a posta en marcha de medidas que garantizasen a prestación do servizo de atención as crianzas nesa Escola infantil, así como aquelas outras para preservar a seguridade e saúde das partes implicadas con estrito respecto aos dereitos das traballadoras, das dúas partes afectadas, sempre dentro da confidencialidade que deben imperar na resolución de conflitos en situacións deste tipo. Moitas grazas.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Precisamente ese principio de confidencialidade, ter que preservar primeiro as crianzas, por suposto, que sempre estiveron a súa seguridade, porque parece que queren transmitir que a seguridade das crianzas non estaba preservada, absolutamente dende o primeiro momento, pero si é certo que en todas esas situacións, o principio de confidencialidade, ese respecto a todas

as partes afectadas, o Grupo Municipal do Partido Popular pode que o vulnerase dentro das súas declaracións e vídeos feitos nestes últimos días. É tremendo, e, dende logo, eu creo que si, como xurista creo que se vulneraron os dereitos das traballadores, dalgunha das traballadoras afectadas neste conflito. Como dixo a concelleira, o que está claro que se actuou dende o primeiro momento con dúas cousas, seguindo o do Comité da Acoso, abrindo un expediente disciplinario que ao coller a baixa tivo que suspenderse; neste momento, unha vez incorporada o 10 de outubro, o instrutor ordenou o levantamento desa suspensión, comunicouse á traballadora e fixo alegacións a semana pasada, rematou o prazo creo que a semana pasada. Polo tanto, o que non están ben informados ou non queren estalo, non queren estalo, pero digo que ese tipo de actuacións que están a facer eu creo que teñen consecuencias xurídicas sobre todos os vídeos, as declaracións, porque evidentemente non teñen información, ademais ignoran e ignoran a información que teñen, porque ou non saben ou non queren. O que está claro que se fixo todo o que se tiña que facer, primeiro abriuse expediente disciplinario que, como dixer, levantouse a suspensión unha vez que se tivo coñecemento, o 10 de outubro, que a traballadora se incorporaba, e, por suposto, o decreto que se ditou no ano 22 non se puido executar porque colleu unha baixa, a ITE. Neste momento a traballadora está nunha situación de cese, esperemos que non volvan ocorrer nunca máis cousas como estas, pero o que está claro é que intentar enlodar cando hai nenos pequenos, ademais nenos de cero a tres meses, nenos pequenísimos, ese tipo de políticas rastreras. Nós nunca vamos a entrar nesas políticas rastreras, nunca, nunca vamos a entrar. Polo tanto, que cada un se ataña as consecuencias que se vai a ter que ater, e que dan clarísimamente que o equipo de goberno traballou incansablemente, porque vostedes non saben cantas veces se recibiu ás familias, cantas veces nos reunimos cos directores das escolas infantís, cantas veces nos reunimos cos servizos xurídicos do Concello, iso vostedes non o saben, porque tampouco o preguntan. A vostedes só lle gusta enlamar e poñer á poboación, que me parece gravísimo habendo crianzas tan pequeniñas, dar a entender os pais que poden estar en perigo os seus fillos, iso é terrible, terrible e ten as súas consecuencias xurídicas. Polo tanto, queda evidenciado o traballo que estou a realizar, esta realizar neste momento e segue a realizar o equipo de goberno e a falta de habitual de verdade do Grupo Municipal do Partido Popular. Moitas grazas. Continuamos.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 376/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS LIÑAS DE AXUDAS DA UNIÓN EUROPEA ÁS QUE SE ASPIRABA PARA REHABILITAR O CUARTEL DE SAN FERNANDO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

En novembro de 2022, o goberno municipal confirmaba que Lugo quedaba fora das liñas de axudas da unión europea ás que aspiraba para rehabilitar o cuartel de San Fernando, pero que aínda estaban en condicións de acadarse seis millóns de euros nunha segunda fase das axudas.

No pasado mes de xullo de 2023, o goberno local recoñecía que non conseguira acadar fondos europeos para o cuartel de San Fernando, aínda que na

resolución definitiva da liña 2 da convocatoria de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, (Anexo III: Listado de expedientes que non pasan á fase de valoración), especifícase que dito expediente non pasa á fase de valoración porque iste concello desistiu expresamente da solicitude, unha vez presentada, mediante o envío dun escrito (Motivo A4).

Ao abeiro do regulamento, o grupo municipal popular presenta a seguinte pregunta a pleno:

1. ¿Por qué desistiron da solicitude unha vez presentada?
2. ¿En qué quedou o compromiso do goberno central, garantido pola palabra da entón alcaldesa, Lara Méndez López, de financiar un plan turístico para actuar no cuartel de San Fernando?
3. Solicítase copia do escrito polo que iste concello desistiu de continuar coa tramitación do expediente para acadar ditos fondos.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Polo Partido Popular, señora Candia,

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Hipócritas estúpidos que dicimos tonterías, é que eramos rastreiros. Fago a última pregunta recomendando que ese nivel de acidez e malo para a saúde e que estamos aquí para defender os intereses dos lucenses e para responder ás súas preocupacións e as súas necesidades, non sendo nada do que nos atacaron. Contextualizo, en novembro do 22 o Goberno municipal confirmaba que Lugo quedaba fóra das liñas de axuda da Unión Europea ás que aspiraba para rehabilitar o Cuartel de San Fernando e mandaba esa mensaxe de esperanza de que aínda estaba en condicións de acadarse o seis millóns de euros da segunda fase das axudas. No mes de xuño do 23, o Goberno local recoñecía que non conseguira acadar os fondos europeos para o Cuartel de San Fernando, aínda que na resolución definitiva da liña dous da convocatoria de axudas sabíamos que realmente non é que non acadará, senón que todo nos parecía indicar que se desistira expresamente desa solicitude. Esta información é relevante para poder cumprir un compromiso, constructivo tamén, que se acadará co Goberno da Xunta de que este sería o que aportaría a parte que faltase e que non alcanzaron os fondos europeos, así como a súa musealización. Desistindo da segunda e denegándose a primeira, a pregunta que hoxe procede é por que desistiron desa solicitude unha vez presentada? É a segunda pregunta é: como podemos enfocar ese compromiso que se materializou entre ambas institucións, Xunta de Galicia e Concello de Lugo, neste caso o Concello de Lugo, representado pola que era a alcaldesa Lara Méndez?

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4483608742713237047.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Grazas, señora alcaldesa. La piel fina tena aquí, porque nas comisións do Parlamento e tal lea as súas intervencións e a ver que cualificativos utiliza, iso si, con honestidade ou non sei como é que di sempre.

Ben, en relación coas preguntas que vostedes fan nesta ocasión xa foron contestadas e invito a que lean a Xunta de Goberno Local do 21-12-2022, onde queda totalmente reflectido o que vostedes preguntan. Pero aínda así, volvemos reiterar a resposta e dicimos que se desistiu da segunda fase tendo en conta a resolución denegaría da concesión das subvencións na fase primeira do proxecto de rehabilitación do Cuartel de San Fernando. Nesa fase o Concello pretendía actuar principalmente na mellora da mellora pasiva da eficiencia do edificio para intervir nas envolventes do inmovible, que son obras imprescindibles para acadar a mellora enerxética de toda a construción. Pero, vista a denegación da primeira liña de axudas, na reunión política e técnica estaba claro que sen esa envolvente do edificio non sería posible acadar o resto das solicitudes que se pretendían. Cómpre destacar que o Concello non tería que estar buscando financiamento se se tiveran cumprido tamén as palabras, as promesas, feitas tanto polo señor Rueda como polo anterior presidente da Xunta de Galicia, que se tiña cartos para poñer alí un parador, pois que eses cartos se investiran agora no Museo da Romanización, que é o que estamos pedindo dende a plataforma do Muro para que iso finalmente sexa ese Museo da Romanización tan necesario porque hai máis de 15.000 pezas arqueolóxicas que están sendo custodiadas incluso por particulares cando lle corresponde á Xunta de Galicia a súa custodia.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas. Como sempre hai que recordar o que foi acordado no seu momento, o acordo que había entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo era o Concello de Lugo adquiría o Cuartel de San Fernando, que non era noso, adquiriuse por tres millóns de euros e a Xunta de Galicia facía esa rehabilitación do edificio, e poñía en marcha o Museo da Romanización hai moitos anos, e seguen igual. E na última reunión que tiveron co presidente Rueda, volvinlle a solicitar o cumprimento dese compromiso que tiña co Concello, e a contestación foi: se conseguídes fondos europeos, despois se complementan, esa é a resposta, pero iso non foi o que se comprometera, ao que se comprometera concretamente o señor Feijóo, que se adquiriu por tres millóns, que non era o noso. Nós cumprimos a nosa parte, polo tanto, queda á outra parte por cumprir. Continuamos.

D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL E CONDENA DO ASASINATO HOMÓFOBO DE SAMUEL LIZ.- O Excmo. Concello Pleno formula a seguinte DECLARACIÓN INSTITUCIONAL:

O 4 de xullo de 2021, Samuel Luiz, un mozo de 24 anos, foi asasinado na Coruña tras unha brutal agresión homófoba. Este asasinato, que conmocionou á toda a sociedade, puxo de manifesto, unha vez máis, a persistente e violenta LGTBIfobia que segue presente no noso país.

A resposta social foi inmediata, con manifestacións en toda España pedindo "Xustiza para Samuel" e condenando a violencia homófoba. Estas accións demostraron que a sociedade reclama políticas máis contundentes para protexer os dereitos do colectivo LGTBI e garantir unha convivencia libre de odio e discriminación.

Con todo, este crime non é un feito illado. Os delitos de odio, e en particular os relacionados coa orientación sexual e a identidade de xénero, experimentaron un preocupante aumento nos últimos anos. Segundo os datos do Ministerio do Interior, estes duplicáronse nos últimos cinco anos, amosando unha tendencia preocupante que require unha resposta firme e coordinada por parte das institucións.

O xuízo polo asasinato de Samuel Luiz representa un momento clave non só para facer xustiza, senón tamén para reafirmar o compromiso das administracións na loita contra a LGTBIfobia. As políticas públicas deben centrarse en previr estes delitos, protexer ás vítimas e fomentar unha cultura de respecto pola diversidade. A violencia e a LGTBIfobia non poden ter cabida nunha sociedade que aspira á igualdade e á convivencia pacífica.

O Pleno do Concello de Lugo aproba esta Declaración Institucional e acorda:

1. Condenar a agresión homófoba que causou o asasinato de Samuel Luiz e expresar o rexeitamento máis firme desta Coporación ante calquera forma de violencia e odio motivada pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
2. Trasladar o apoio e a solidariedade á familia e amigos de Samuel Luiz, así como o seu compromiso coa xustiza.
3. Instar ás administracións públicas competentes a intensificar as accións dirixidas a erradicar a LGTBIfobia e calquera forma de discriminación e odio, mediante políticas educativas, campañas de sensibilización e o apoio ás vítimas.
4. Condenar todas as condutas que atenten contra a dignidade e os dereitos do colectivo LGTBI e manifestar o compromiso deste Concello coa construción dunha sociedade inclusiva, diversa e libre de odio.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4483608742713237047.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 4-11-2024

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Nosoutros estamos de acordo, todos os grupos, nesa condena desa agresión homófoba, homófoba, expresar a solidariedade con toda a súa familia e os seus amigos e que non se volva a ocorrer unha agresión deste tipo dirixidas ao colectivo LGTBI. Moitas gracias.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as trece horas e vinte e nove minutos do expresado día catro de novembro de dous mil vinte e catro, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.